PROXECTO DE CAMIÑOS PRINCIPAIS NA ZONA DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DE TRAZO (TRAZO – A CORUÑA)

Í N D I C E

TOMO I

- CD DO PROXECTO EN FORMATO DIXITAL
- MEMORIA E ANEXOS

MEMORIA

1.- ANTECEDENTES E OBXECTIVOS
2.- DESCRICIÓN DAS OBRAS PROXECTADAS
3.- PRAZO DE EXECUCIÓN
4.- CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA
5.- NORMAS CONSTRUTIVAS
6.- XUSTIFICACIÓN DE QUE O PROXECTO SE REFIRE A UNHA OBRA COMPLETA
7.- ORZAMENTO

ANEXOS Á MEMORIA

1.- TOPOGRAFÍA
2. CARACTERÍSTICAS DAS OBRAS
3.- CADRO RESUMO DE MEDICIÓNS
4.- MEDICIÓN DO MOVEMENTO DE TERRAS
5.- XUSTIFICACIÓN DE PREZOS
6.- ANÁLISE ORZAMENTARIO
7.- FICHA TÉCNICA E PROGRAMACIÓN DAS OBRAS
8.- MEMORIA AMBIENTAL
9.- DIMENSIONAMENTO DAS OBRAS DE PASO
10.- XESTIÓN DE RESIDUOS
11.- ESTUDO DE SEGURIDADE E SAÚDE
12.- INFORME XEOLÓXICO – XEOTÉCNICO

13.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

-ORZAMENTO

MEDICIÓNS

CADROS DE PREZOS

ORZAMENTOS PARCIAIS

RESUMO XERAL DO ORZAMENTO

TOMO II

-- PLANOS

1.- PLANO DE SITUACIÓN

2.- PLANO XERAL DAS OBRAS (E 1:5000)

3.- PLANO DE PLANTA (E 1:2000)

6. SECCIÓNS DOS CAMIÑOS, ABANOS E APARTADOIROS

7. OBRAS DE FÁBRICA: MARCOS E CANOS

-PREGO DE CONDICIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES

TOMO III

4. PERFÍS LONXITUDINAIS

5. PERFÍS TRANSVERSAIS

Indice

1. ANTECEDENTES 3
1.1.- Características Xerais da Zona 3
1.1.1.- Situación e Límites. 3
1.1.2.- Superficie e Cultivos. 3
1.1.3.- Fisiografía 3
1.1.4.- Hidrografía 4
1.1.5.- Xeotécnia, xeoloxía e litoloxía. 4
1.1.6.- Edafoloxía 4
1.2.- Vías de Comunicación. 4
2. XUSTIFICACIÓN E OBXECTO DO PROXECTO 5
3. DESCRICIÓN DAS OBRAS 5
3.1. Rede de Camiños. 5
3.2. Sección tipo dos camiños 5
3.2.1 Camiños de sección Tipo A 6
3.2.2 Camiños de Sección Tipo A* 6
3.2.3 Camiños de Sección Tipo B 6
3.2.4 Camiños de Sección Tipo C 6
3.2.5 Camiños de Sección Tipo D 7
3.2.6 Camiños de Sección Tipo E 7
3.2.7 Camiño de Sección Tipo F 7
3.2.8 Abanos e apartadoiros 7
3.2.9 Entronques con vías asfaltadas 8
3.3. Cálculo de medicións 8
3.4. Descrición das obras 8
3.4.1 Replanteo de ocupacións e balizado de elementos de patrimonio 8
3.4.2 Arranque de tocóns illados. 8
3.4.3 Desbroce e limpeza e estendido de terras 9
3.4.4 Escavación en desmonte e transporte a terraplén 9
3.4.5 Construción de terraplén 9
3.4.6 Refino e planeo con apertura de gabias 9
3.4.7 Compactación e rega do plano de fundación 9
3.4.8 Saneo no camiño B-7-1 9
3.4.9 Escollera no camiño E-3-3 9
3.4.10 Obras de fábrica 10
3.4.11 Subbase con material de préstamo 10
3.4.12 Base de zahorra artificial 11
3.4.13 Macadam e Tripla rega bituminosa 11
3.4.14 Sinalización 11

3.4.15 Actuacións complementarias..... 11
4. IMPLICACIÓNS AMBIENTAIS E AFECCIÓN A PATRIMONIO 13
5. PRAZO DE EXECUCIÓN 13
6. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA.- 13
7. NORMAS CONSTRUTIVAS. 14
8. XUSTIFICACIÓN DE QUE O PROXECTO SE REFIRE A UNHA OBRA COMPLETA.-14
9. ORZAMENTO.- 15

M E M O R I A

1. ANTECEDENTES

Por Decreto 2293/1968, de 16 de agosto, da Consellería de Agricultura (D.O.G. 25/09/1968) foi declarada de utilidade pública a concentración parcelaria da zona de Santa María de Trazo (Trazo - A Coruña).

Na actualidade estanse a elaborar as Bases de reestruturación parcelaria da zona. Durante o mes de marzo de 2016, foi sometido a exposición pública o deseño da rede viaria, introducíndose no presente proxecto modificacións derivadas de dita exposición.

1.1.- CARACTERÍSTICAS XERAIS DA ZONA

1.1.1.- Situación e Límites.

A zona de concentración parcelaria abrangue 851,836 ha da parroquia de Trazo, no Concello de Trazo (A Coruña).

Os límites da parroquia de Trazo son:

- Norte: Parroquia de Santa María de Castenda da Torre (Concello de Tordoia).
- Sur: Parroquia de San Vicenzo de Vilouchada.
- Leste: Parroquias de San Xoán de Campo e Santa María de Morlán.
- Oeste: Parroquias de San Pedro de Benza e San Cristovo de Xavestre.

1.1.2.- Superficie e Cultivos.

A superficie incluída no perímetro de concentración é de 851,836 ha. O 49,79% corresponde a formacións arbóreas vexetais básicas, podendo distinguir catro tipos: eucaliptos, piñeiros, carballeiras e vexetación de ribeira. No 50,21% restante inclúense os cultivos e pastizais.

Na zona obxecto de concentración non existen cartografados hábitats.

1.1.3.- Fisiografía

A zona pódese considerar cun relevo moderadamente accidentado, con predominio das formas suaves. As costas máis elevadas non exceden os 400 metros e as

partes mais baixas sitúanse nas canles fluviais, en cotas entorno aos 250 metros sobre o nivel do mar.

1.1.4.- Hidrografía

A hidrografía da zona de actuación inclúese subconcas de varias regos e regatos que a cruzan a zona e que desembocan na conca do Río da Chonia ou no Río de Vilariño.

1.1.5.- Xeotécnia, xeoloxía e litoloxía.

Segundo o representado no Mapa Xeotécnico Xeral. Mapa de Interpretación Xeotécnica do I.G.M.E. o ámbito de estudo incluiríase na parte do Macizo de Ordes e dos metasedimentos subxacentes a dito macizo.

O material predominante son os xistos e metavulcánicas que por caracterizarse pola presenza de minerais laminares que favorecen a súa fragmentación en capas delgadas fanos axeitados para a súa utilización nas obras dos camiños.

1.1.6.- Edafoloxía

A maior extensión da zona de concentración é ocupada por xistos, sobre os que se orixinan solos pouco profundos e escasamente evolucionados.

Este tipo de solos son de perfil ABC, rara vez AC ou AR, cun epídedon úmbrico a ócrico e un hourizonte B cámbrico. Tanto o grosor coma a presenza de materia orgánica diminúen considerablemente nos solos cultivados, chegándose a clasificarse coma ócrico. A capacidade de cambio é boa pero algo menor que no caso dos solos graníticos.

1.2.- VÍAS DE COMUNICACIÓN.

A superficie comprendida dentro do perímetro da concentración atópase atravesada por numerosas estradas e pistas:

- As estradas provinciais CP-8401 (Tablilla – Agro do Mestre) e CP-5903 (Ordes – Portomouro).

- Vías de comunicación municipais, unhas asfaltadas e outras de zahorra.

2. XUSTIFICACIÓN E OBXECTO DO PROXECTO

O presente proxecto inclúe as obras da rede de camiños principais da zona de concentración parcelaria de Trazo co obxectivo de satisfacer as seguintes necesidades:

- Ampliar a rede viaria comunicando os distintos lugares da parroquia entre eles, coas parroquias veciñas e coas actuais vías de acceso.
- Mellorar parte dos camiños existentes.
- Establecer os camiños principais para dotar dun acceso axeitado ás leiras de substitución.

O obxecto deste proxecto é definir e presupostar as obras a realizar, de maneira que sirva de base para a contratación das mesmas e a súa posterior execución.

3. DESCRICIÓN DAS OBRAS

3.1. REDE DE CAMIÑOS.

No anexo nº 2 inclúese unha relación detallada dos camiños, coa súa lonxitude, tipo e medición de firme, abanos apartadoiros e entronques con asfaltados. No plano nº 2, amósase a escala 1:4.000 a distribución xeral da rede de camiños cuxas trazas recóllense con mais detalle no plano 3 a escala 1:2.000.

Os camiños proxectados noméanse segundo os seguintes criterios:

- A letra inicial define a sección tipo (plano nº6) coa que será construído.
- Á letra inicial síguelle un numero que se corresponde co número de polígono das Bases de concentración. Nos casos dos camiños que percorren mais dun polígono este número corresponderase co de un deles.
- A finalidade do último número é diferenciar os camiños da mesma sección e mesmo polígono.

3.2. SECCIÓN TIPO DOS CAMIÑOS

Tendo en conta as características do terreo, o trazado deseñado, as necesidades do servizo e o tráfico previsto, proxectáronse sete tipos de sección denominadas A, A*, B, C, D, E, e F (plano nº 6). As catro primeiras de 5,0 m. de ancho e as tres seguintes de 4,0. Todas elas, agás a F, teñen en común gabias de 1,0 m. de ancho

e 0,5 m. de profundidade con pendente de noiros 1:1, e un bombeo dun 3% do dende o eixo cara ás gabias. A continuación descríbense as características distintivas de cada unha delas.

3.2.1 Camiños de sección Tipo A

Proxéctase esta sección para 9 camiños que suman unha lonxitude de 1.330,12 m. Aplícase a camiños de nova apertura que terán a función de comunicar núcleos de poboación entre eles ou con estradas ou circunvalalos Terán unha plataforma de 5,0 m. de ancho e o paquete de firme estará composto por unha subbase de material de préstamo de 30 cm., base de 10 cm. de zahorra artificial e 15 cm. de macadam e tripla rega bituminosa.

3.2.2 Camiños de Sección Tipo A*

Proxéctase esta sección para 2 camiños que suman unha lonxitude de 236,89 m. Aplícase a camiños asfaltados existentes que comunican camiños deste proxecto e que na actualidade teñen menos ancho que estes. Terán unha plataforma de 5,0 m. de ancho e a diferencia dos anteriores non levarán subbase. O paquete de firme estará composto por unha base de 10 cm. de zahorra artificial, 15 cm. de macadam e tripla rega bituminosa.

3.2.3 Camiños de Sección Tipo B

Proxéctase esta sección para 7 camiños que suman unha lonxitude de 5.849,96 m. Aplícase a camiños de nova apertura ou que aínda que descorren parcialmente sobre camiños existentes estes se atopan nun estado que require unha achega importante de material para a súa regularización. Terán unha plataforma de 5,0 m. de ancho. O paquete de firme estará composto por unha subbase de 30 cm. de material de préstamo e base de 15 cm. de zahorra artificial que constituirá a capa de rodadura.

Os primeiros 250 m. do camiño B-3-2 completarán o firme con 15 cm. de macadam e tripla rega bituminosa.

3.2.4 Camiños de Sección Tipo C

Proxéctase esta sección para 3 camiños que suman unha lonxitude de 1.451,98 m. Aplícase a camiños que descorren sobre camiños existentes cun ancho medio actual aproximado de 5 m. en cun estado de conservación suficiente como para ser rexenerados cunha capa de zahorra artificial aplicada unha vez regularizada a rasante con terraplén de préstamo. Terán unha plataforma de 5,0 m. de ancho. O

firme estará composto por unha base de 15 cm. de zahorra artificial que constituirá a capa de rodadura.

3.2.5 Camiños de Sección Tipo D

Proxéctase esta sección para 11 camiños que suman unha lonxitude de 9.170,60 m. Aplícase a camiños que descorren sobre camiños existentes cun ancho medio actual aproximado de 4 m. en cun estado de conservación suficiente como para ser rexenerados cunha capa de zahorra artificial aplicada unha vez regularizada a rasante con terraplén de préstamo. Para estes camiños prevese unha intensidade de tráfico menor que para os de tipo C. Terán unha plataforma de 4,0 m. de ancho. O firme estará composto por unha base de 10 cm. de zahorra artificial que constituirá a capa de rodadura.

3.2.6 Camiños de Sección Tipo E

Proxéctase esta sección para 16 camiños que suman unha lonxitude de 11.877,59 m. Aplícase a camiños de nova apertura ou que aínda que descorren parcialmente sobre camiños existentes estes se atopan nun estado que require unha achega importante de material para a súa regularización. Terán unha plataforma de 4,0 m. de ancho. O paquete de firme estará composto por unha subbase de 30 cm. de material de préstamo e base de 15 cm. de zahorra artificial que constituirá a capa de rodadura.

3.2.7 Camiño de Sección Tipo F

Proxéctase esta sección para 1 camiño cunha lonxitude de 69,67 m. Trátase do camiño de acceso ao núcleo de Rial dende a obra de paso que se proxecta sobre o rego de Rial. Dado a súa pendente e a escorrenta de auga que se produce actualmente sobre o camiño, proxéctase un afirmado con 15 cm. de formigón sobre unha capa de 5 cm. de grava de regularización, e o revestimento de formigón dunha das súas gabias pola que se conducirá a escorrenta cara ao rego. Terá unha plataforma de 4,0 m. de ancho cun bombeo único cara á gabia revestida.

3.2.8 Abanos e apartadoiros

O plano nº6 indica as características que deben ter os abanos das unións de camiños para facilitar o xiro dos vehículos. No mesmo plano detállanse as medidas dos apartadoiros proxectados para permitir o cruzamento de maquinaria agrícola. Proxéctanse 20 apartadoiros nos lugares indicados nos planos de planta.

3.2.9 Entronques con vías asfaltadas

Nos entronques dos camiños proxectados con vías asfaltadas presupóstase a construción dun firme de 15 cm. de macadam e tripla rega bituminosa en todo o ancho dos 20 m. primeiros do camiño mais nos abanos correspondentes.

3.3. CÁLCULO DE MEDICIÓNS

Para realizar o cálculo do movemento de terras, fíxose un levantamento topográfico detallado (anexo nº1) dunha faixa a ambos lados do eixo con suficiente ancho como para conter a futura ocupación do camiño e permitir axustes de deseño no eixo. Posteriormente xerouse un modelo dixital do terreo, rasante, perfís e cubicación coa aplicación informática TCP-MDT. No anexo nº4 achéganse os listados obtidos por perfil para cada camiño, que foron utilizados para o cómputo do total de cada camiño (anexo nº3). Para o cálculo dos volumes por metro lineal de subbase e zahorra artificial aplicáronse as seccións do plano nº6 multiplicadas pola lonxitude de cada camiño. As medicións de desbroce, estendido de terras, subbase de préstamo e base de zahorra artificial, incrementáronse en 12 m² por cada abano e en 50 m² por cada apartadoiro (cun espesor de 20 cm. para a subbase e mesmo espesor de zahorra que o resto do camiño). Para o cálculo do macadam e triple rega de entronques con asfaltados incrementáronse 12 m² por abano e 20m. de entronque multiplicados por o ancho de cada camiño.

3.4. DESCRICIÓN DAS OBRAS

A continuación describirase o proceso construtivo segundo as unidades de obra incluídas no presuposto.

3.4.1 Replanteo de ocupacións e balizado de elementos de patrimonio

Antes de comezar as obras de calquera camiño comprobarase por parte do equipo encargado do seguimento ambiental e arqueolóxico se existe afección a algunha área de protección. Nese caso balizarase o elemento co fin de evitar a aproximación da maquinaria o mesmo. Pola súa parte o contratista sinalará sobre o terreo os límites de ocupación previstos.

3.4.2 Arranque de tocóns illados.

Nos camiños nos que a ocupación afecta a algunha árbore, presupóstase o destoconado das árbores afectadas unha vez que seu propietario as retire.

3.4.3 Desbroce e limpeza e estendido de terras

No ancho de ocupación procederase ao desbroce e retirada da terra vexetal ata unha profundidade de 20 cm. A terra vexetal sobrante estenderase nas fincas lindeiras dos propietarios que o soliciten.

3.4.4 Escavación en desmonte e transporte a terraplén

Procederase a escavación en desmonte e transporte de terras a terraplén seguindo as rasantes e perfís contidos nos planos.

3.4.5 Construción de terraplén

Nos lugares de destino dos materiais procedentes de desmonte procederase á construción de terraplén compactando ata obter o 100% do "Proctor Normal". Aínda que no rasanteo dos camiños buscouse a compensación de desmonte e terraplén, nalgunos camiños existe déficit de terras. Neses casos presupostase a construción de terraplén con achega de material de préstamo.

3.4.6 Refino e planeo con apertura de gabias

Terminado o movemento de terras procederase a perfilar o camiño e as gabias coa motoniveladora dando un bombeo dun 3 % a plataforma cara ás gabias.

3.4.7 Compactación e rega do plano de fundación

Regarase a humidade óptima obtida nos ensaios e compactarase a un mínimo do 95% do Proctor Normal

3.4.8 Saneo no camiño B-7-1

Un tramo do camiño B-7-1 descorre por un terreo excesivamente húmido. Por este motivo presupóstase entre os pk 400 e 700 a escavación e posterior recheo con pedra (cachote) dunha gabia de 6 m. de ancho e 0,5 m. de alto sobre a que se construirá o camiño coas cotas finais definidas nos planos.

3.4.9 Escollera no camiño E-3-3

Xunto á obra de paso sobre o rego Rial, proxéctase a colocación dunha escollera dun metro de alto para protexer o camiño das crecidas normais do rego.

3.4.10 Obras de fábrica

Nos plano nº 3 sinálase a situación das obras de paso e canos proxectados. No anexo nº3 especifícase a medición das obras de fábrica e no anexo nº9 xustifícanse os cálculos hidráulicos das obras de paso sobre os regos afectados.

De acordo con estes cálculos proxéctase a colocación de 6 marcos prefabricados de formigón sobre unha soleira de formigón, cunha capa de compresión superior e varanda segundo se detalla no plano nº7. No seguinte cadro resúmense as súas características.

CAMIÑO	SECC	LONXIT. (m)	EMBOCADURA	Nº EMB. (ud)
B-7-3	2,0x2,0	6	mampostería	2
B-7-5	2,0x2,0	6	mampostería	2
C-2-5	2,5x2,0	6	mampostería	2
E-2-3	2,5x2,0	5	mampostería	2
E-3-3	2,5x2,0	5	mampostería	2
E-7-5	2,0x1,5	5	mampostería	2

Ademais proxéctase a colocación de tubos de formigón prefabricado nos lugares e cos tipos de embocaduras especificados no plano nº3. No seguinte cadro resúmense os tubos e embocaduras presupostadas.

ud	OBRAS DE FÁBRICA	TOTAIS
m	Cano formigón Ø 40	956,00
ud	Emb. 2 aletas cano Ø 40	255,00
ud	Arqueta para cano Ø 40	17,00
m	Cano formigón Ø 60	43,00
ud	Emb. 2 aletas cano Ø 60	16,00
m	Cano formigón Ø 80	23,00
ud	Emb. 2 aletas cano Ø 80	8,00
m	Cano formigón Ø 100	13,00
ud	Emb. 2 aletas cano Ø 100	4,00
m	Cano formigón Ø 120	11,00
ud	Emb. 2 aletas cano Ø 120	4,00
m	Cano formigón Ø 150	5,00
ud	Emb. 2 aletas cano Ø 150	2,00

3.4.11 Subbase con material de préstamo

Na maioría dos camiños presupostase unha achega de material de préstamo seleccionado para cubrir o déficit de material resultante do movemento de terras. O

material a empregar como préstamo o terraplén poderase obter dentro do perímetro da zona de reestruturación, unha vez obtidos os permisos preceptivos. O lugar preferente de extracción será xunto ao aparcadoiro do cemiterio da Baixa (plano nº3).

3.4.12 Base de zahorra artificial

Nos camiños cuxa sección inclúa unha capa de zahorra artificial, esta estenderase e compactarase ata un 100% do Proctor Normal. En todos os entronques de camiños increméntase a medición en 12 m² para construción do abano.

3.4.13 Macadam e Tripla rega bituminosa

Consistente nunha base de 15 cm. macadam, unha primeira rega semiprofunda con dotación de 3,5 Kg. de emulsión ECR-2 saturados con 20 litros de grava miúda 8/12, dunha segunda rega superficial con dotación de 2 Kg. de ECR-2 saturados con 10 litros de grava miúda tipo 5/8 e unha terceira rega de selado con dotación de 1,5 Kg. de ECR-2 saturados con 5 litros de area.

3.4.14 Sinalización

Inclúense 65 unidades de sinais de STOP.

No plano nº3 e anexo nº 4 recóllese a distribución por camiños das obras de fábrica e sinais.

3.4.15 Actuacións complementarias

Inclúense neste capítulo unha serie de actuacións necesarias para o correcto desenvolvemento da obra. Estas son:

- Retranqueo de 3 apoios de liña eléctrica e outros 3 de liña telefónica a realizar polas correspondentes compañías.
- Demolición e transporte de produtos a vertedoiro de dúas pequenas construcións de bloque situadas dentro da ocupación dos camiños A*-1-5 e A-4-7.
- Reposición dunha pequena edificación de bloque de formigón e cuberta de fibrocemento destinada a galiñeiro.
- Reposición de tubarias de abastecemento afectadas polas obras.

- Construción puntual de drenaxes transversais da plataforma dos camiños nos que sexa indicado.

4. IMPLICACIÓNS AMBIENTAIS E AFECCIÓN A PATRIMONIO

Con data 14 de setembro de 2012 a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental resolve que se adopta decisión de non someter a avaliación de impacto ambiental o proceso de concentración parcelaria de Trazo. No apartado 4.6 de dita resolución dise: *deberá realizarse unha prospección arqueolóxica intensiva en todo o ámbito afectado polo proxecto. (…) En base aos resultados desa intervención se elaborará unha avaliación do impacto de dito proxecto sobre os elementos de patrimonio cultural localizados na zona de concentración parcelaria, que deberá remitirse á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, para o seu informe, xunto co proxecto construtivo.*

No momento de redacción deste proxecto a prospección intensiva rematou, estando pendente da entrega do informe definitivo á D.X. do Patrimonio Cultural. Nos planos de planta e no anexo nº8 do proxecto reflíctense os elementos identificados e as áreas de protección asignadas aos mesmos, aínda que pendentes de aprobación. de Patrimonio. En cumprimento da resolución da D.X. de Patrimonio Cultural, unha vez avaliado o impacto das obras proxectadas sobre os elementos identificados, remitirase xunto co presente proxecto.

Tendo en conta estas consideracións previas, no anexo nº8 realízase unha análise das implicacións ambientais do proxecto.

5. PRAZO DE EXECUCIÓN

No anexo nº7 desenvólvese o programa de execución da obra, en función da maquinaria prevista e do rendemento da mesma utilizado no cálculo do orzamento. Nel obtense un prazo de execución de DOCE (12) MESES.

6. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA.-

Conforme ós artigos 25, 26 e 133 do Real Decreto 1098/2001 modificado polo RD 773/2015 de 28 de agosto, proponse a seguinte clasificación para o contratista adxudicatario da obra.

SUBGRUPO	DENOMINACIÓN	CATEGORÍA
G-6	Obras viais sen cualificación específica	4

7. NORMAS CONSTRUTIVAS.

Ademais das contempladas no Prego de Prescricións do presente Proxecto, terase en conta o seguinte:

- A contrata axustarase estritamente aos prazos parciais e total da execución das obras que figuren no Prego de Condicións Administrativas de Contratación a que será sometido este Proxecto.

- Todo o que expresamente non estivese establecido no Prego de Prescricións Técnicas Particulares, regularase polas normas contidas na vixente lexislación aplicable a este tipo de obras: Real Decreto Lexislativo 3/2011, do Texto refundido da Ley de Contratos do Sector Público, Real Decreto 1098/2001, de 12 outubro polo que se Aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e Prego de Prescricións Técnicas Xerais para obras de estradas e pontes do Ministerio de Obras Públicas e Urbanismo.

- A efectos de medición e abono, corresponde á Dirección de Obra catalogar a natureza das escavacións.

8. XUSTIFICACIÓN DE QUE O PROXECTO SE REFIRE A UNHA OBRA COMPLETA.-

Este Proxecto refírese a unha obra completa, entendéndose como tal a susceptible de ser entregada ao uso xeral ou ao servizo correspondente, cumprindo o que prevé o art. 125 do Real Decreto 1098/2001, do 12 outubro.

9. ORZAMENTO.-

O orzamento de execución material ascende á cantidade de UN MILLÓN TRESCENTOS VINTE E CINCO MIL SESENTA E CINCO EUROS CON NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS (1.325.065,95.-€).

O orzamento de execución por contrata ascende á cantidade de UN MILLÓN NOVECENTOS SETE MIL NOVECENTOS SESENTA E DOUS EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS (1.907.962,46.- €).

A Coruña, maio de 2016

O director do proxecto

José Antonio Portos Mouriño
Enxeñeiro Agrónomo

O redactor do proxecto

Víctor M. de la Cruz Vigo
Enxeñeiro Agrónomo

V. e Pr.
A Xefa do Servizo de
Infraestruturas Agrarias

Asdo.: Ana Arión Fanlo

ANEXO Nº1

TOPOGRAFÍA

TOPOGRAFÍA

1. TOPOGRAFÍA

1.1. Equipos utilizados

Para o levantamento topográfico utilizouse para o establecemento de bases e medición en zonas despexadas un GPS TOPCON con todos os accesorios. Para o levantamento en zonas arboradas empregouse unha estación total GEOMAX ZTS-605SR con accesorios. Os datos almacenáronse nun caderno electrónico Topcon FC-100 field computer. Posteriormente os datos trasladáronse a u PC e inportáronse coa aplicación MDT 5.2, creando o Modelo Dixital do Terreo co que se traballou para obter as cubicacións dos perfís. O sistema de coordenadas utilizado foi o sistema European Terrestrial Reference Systen 1989 (ETRS89).

1.2. Rede topográfica básica

Analizado con minuciosidade o contorno e as características da zona a levantar, optouse por empregar o sistema GNSS (Global Navigation Satellite Systems) a través da rede GALNET, que cubre todo o territorio galego con posicionamento de alta precisión grazas a uns receptores con capacidade para procesar os datos das constelacións GPS e GLONASS.

Este sistema está avaliado e certificado pola "Dirección General del Instituto Geográfico Nacional".

Tanto a memoria técnica e descritiva do sistema GNSS como o cálculo da rede GALNET por parte do "Centro de Análisis do Instituto Geográfico" pódese consultar no seguinte enlace:

http://cartogalicia.com/galnet2/.

2. MÉTODO DE CÁLCULO EMPREGADO

Obtívose un modelo dixital do terreo partindo dos puntos medidos en campo. Coa aplicación MDT 5.2 deseñouse un eixe de maneira que, unha vez asignado o perfil tipo e trazada a nova rasante, a ocupación resultante non superase os límites de ocupación previstos no Acordo de concentración parcelaria. A rasante procurouse adaptala o máximo posible ao terreo para que tódalas fincas lindeiras có camiño poidan servirse a través do mesmo sen ter que construír outro acceso. Coa aplicación obtivéronse as cubicacións partindo do seguinte:

- Tódolos volumes referidos son medidos sobre perfil polo que non se considera o esponxamento.
- Para calcular o volume da capa de terra vexetal considerouse unha espesura media de dita capa de 20 cm.
- Todo o volume obtido na escavación (agás a capa vexetal) considerouse apto para terraplén. Nos camiños nos que o volume de escavación é maior que o de terraplén, presupostase o estendido. No caso contrario presupostase a achega de material granular seleccionado.

3. COORDENADAS DE REPLANTEO DAS ALIÑACIÓNS

A continuación achéganse os listados de coordenadas de replanteo das aliñacións de cada un dos camiños proxectados.

CAMIÑO A-1-1

Tipo	P.K.	Coord. X	Coord. Y	Azimut	Radio	Parametro	Longitud
Rec	0	536893.774	4764158.8	334.610189	0	0	113.327
Cur	113.327	536796.786	4764217.42	334.610189	-100	0	25.017
Rec	138.344	536773.988	4764227.56	318.68405	0	0	65.169
Cur	203.513	536711.606	4764246.42	318.68405	-40	0	42.63
Rec	246.143	536672.124	4764236.78	250.836611	0	0	65.542
	311.684	536625.174	4764191.05	250.836611			

CAMIÑO A-1-2

Tipo	P.K.	Coord. X	Coord. Y	Azimut	Radio	Parametro	Longitud
Rec	0	536669.208	4764098.63	325.798086	0	0	2.444
Cur	2.444	536666.962	4764099.6	325.798086	20	0	13.203
Rec	15.647	536657.348	4764108.29	367.823102	0	0	23.773
Cur	39.419	536645.837	4764129.09	367.823102	-30	0	10.816
Rec	50.235	536639.026	4764137.42	344.871736	0	0	9.391
Cur	59.626	536631.872	4764143.5	344.871736	30	0	23.076
Rec	82.703	536621.45	4764163.46	393.841125	0	0	14.794
Cur	97.497	536620.021	4764178.18	393.841125	15	0	13.429
Rec	110.926	536624.484	4764190.38	50.836611	0	0	2.032
	112.959	536625.94	4764191.79	50.836611			

CAMIÑO A-1-3

Tipo	P.K.	Coord. X	Coord. Y	Azimut	Radio	Parametro	Longitud
Rec	0	536699.606	4763742.61	38.129305	0	0	77.452
Cur	77.452	536743.271	4763806.58	38.129305	-40	0	41.245

Tipo	P.K.	Coord. X	Coord. Y	Azimut	Radio	Parametro	Longitud
Rec	118.697	536746.555	4763845.89	372.485849	0	0	98.596
Cur	217.293	536705.257	4763935.42	372.485849	200	0	32.559
Rec	249.851	536694.081	4763965.96	382.849673	0	0	135.398
Cur	385.25	536658.045	4764096.47	382.849673	5	0	4.368
Rec	389.618	536658.749	4764100.65	38.463692	0	0	1.303
	390.921	536659.49	4764101.72	38.463692			

CAMIÑO A-1-5

Tipo	P.K.	Coord. X	Coord. Y	Azimut	Radio	Parametro	Longitud
Rec	0	536909.181	4763674.58	32.168442	0	0	12.514
Cur	12.514	536915.238	4763685.53	32.168442	20	0	10.131
Rec	22.645	536922.133	4763692.8	64.417446	0	0	12.876
Cur	35.521	536933.05	4763699.63	64.417446	-10	0	14.029
Rec	49.551	536936.992	4763711.92	375.10298	0	0	14.998
Cur	64.548	536931.275	4763725.79	375.10298	20	0	17.46
Rec	82.008	536932.043	4763742.68	30.680366	0	0	29.107
Cur	111.115	536945.534	4763768.47	30.680366	-100	0	12.809
	123.925	536950.729	4763780.17	22.525648			

CAMIÑO A-1-6

Tipo	P.K.	Coord. X	Coord. Y	Azimut	Radio	Parametro	Longitud
Rec	0	536812.591	4763781.27	102.919073	0	0	45.551
Cur	45.551	536858.094	4763779.18	102.919073	80	0	38.731
Rec	84.282	536894.869	4763768.29	133.739995	0	0	44.862
	129.144	536933.576	4763745.61	133.739995			

CAMIÑO A-1-7

Tipo	P.K.	Coord. X	Coord. Y	Azimut	Radio	Parametro	Longitud
Rec	0	536803.601	4763782.53	324.197372	0	0	64.935
	64.935	536743.3	4763806.63	324.197372			

CAMIÑO A-2-5

Tipo	P.K.	Coord. X	Coord. Y	Azimut	Radio	Parametro	Longitud
Rec	0	536924.069	4764188.15	219.053174	0	0	26.695
Cur	26.695	536916.198	4764162.64	219.053174	10	0	14.744
Rec	41.439	536904.628	4764155.8	312.917078	0	0	2.371
	43.81	536902.305	4764156.28	312.917078			

CAMIÑO A-2-9

Tipo	P.K.	Coord. X	Coord. Y	Azimut	Radio	Parametro	Longitud
Rec	0	538198.864	4763443.05	293.092655	0	0	67.912
Cur	67.912	538131.352	4763435.7	293.092655	-40	0	52.013
Rec	119.924	538096.207	4763402.38	210.311773	0	0	28.211
Cur	148.135	538091.658	4763374.54	210.311773	20	0	23.732
Rec	171.868	538076.327	4763358.26	285.853559	0	0	21.833
	193.7	538055.032	4763353.45	285.853559			

CAMIÑO A-4-7

Tipo	P.K.	Coord. X	Coord. Y	Azimut	Radio	Parametro	Longitud
Rec	0	536696.897	4763740.6	302.207087	0	0	76.83
Cur	76.83	536620.113	4763743.26	302.207087	100	0	25.95
Rec	102.78	536594.585	4763747.5	318.727411	0	0	19.468
Cur	122.248	536575.954	4763753.14	318.72741	-20	0	14.601
Rec	136.848	536561.711	4763752.13	272.252361	0	0	19.441
	156.289	536544.088	4763743.92	272.252361			

CAMIÑO A-6-1

Tipo	P.K.	Coord. X	Coord. Y	Azimut	Radio	Parametro	Longitud
Rec	0	537964.285	4762672.94	184.936613	0	0	3.991
Cur	3.991	537965.221	4762669.06	184.936613	20	0	24.042
Rec	28.033	537957.159	4762647.93	261.464212	0	0	11.605
	39.638	537947.615	4762641.32	261.464212			

CAMIÑO A-7-1

Tipo	P.K.	Coord. X	Coord. Y	Azimut	Radio	Parametro	Longitud
Rec	0	537697.199	4761593.45	337.723761	0	0	117.294
Cur	117.294	537599.903	4761658.95	337.723761	80	0	68.134
Rec	185.428	537565.222	4761715.22	391.942937	0	0	402.595
Cur	588.023	537514.405	4762114.59	391.942937	80	0	61.65
Rec	649.673	537529.793	4762172.73	41.00278	0	0	66.649
	716.323	537569.813	4762226.02	41.00278			

CAMIÑO B-1-5

Tipo	P.K.	Coord. X	Coord. Y	Azimut	Radio	Parametro	Longitud
Rec	0	536950.729	4763780.17	22.525648	0	0	923.503
Cur	923.503	537270.718	4764646.46	22.525648	-200	0	35.707
Rec	959.21	537280.042	4764680.88	11.159882	0	0	280.247
	1239.456	537328.918	4764956.83	11.159882			

CAMIÑO B-2-5

Tipo	P.K.	Coord. X	Coord. Y	Azimut	Radio	Parametro	Longitud
Rec	0	537394.473	4764299.3	125.031026	0	0	14.027
Cur	14.027	537407.43	4764293.93	125.031026	-20	0	22.949
Rec	36.976	537428.788	4764297.83	51.981732	0	0	13.086
Cur	50.062	537438.324	4764306.79	51.981732	40	0	29.791
Rec	79.853	537465.335	4764317.64	99.395912	0	0	37.129
Cur	116.982	537502.463	4764317.99	99.395912	40	0	15.737
Rec	132.719	537517.825	4764315.08	124.441875	0	0	55.822
Cur	188.542	537569.584	4764294.17	124.441875	-60	0	25.581
Rec	214.123	537594.602	4764289.86	97.299553	0	0	42.825
Cur	256.948	537637.389	4764291.67	97.299553	60	0	27.022
Rec	283.97	537663.736	4764286.8	125.970604	0	0	27.243
Cur	311.213	537688.744	4764275.99	125.970604	-60	0	36.676
Rec	347.889	537724.663	4764272.31	87.056314	0	0	151.05
Cur	498.938	537872.601	4764302.81	87.056314	-80	0	43.408
Rec	542.347	537910.739	4764322.4	52.513245	0	0	41.116
Cur	583.462	537940.937	4764350.3	52.513245	40	0	55.811
Rec	639.274	537992.27	4764352.78	141.339955	0	0	145.006
	784.28	538107.763	4764265.1	141.339955			

CAMIÑO B-3-1

Tipo	P.K.	Coord. X	Coord. Y	Azimut	Radio	Parametro	Longitud
Rec	0	537289.898	4763002.84	42.431433	0	0	132.686
Cur	132.686	537371.931	4763107.13	42.431433	-40	0	23.657
Rec	156.343	537380.379	4763128.86	4.779784	0	0	55.537
Cur	211.88	537384.545	4763184.24	4.779784	60	0	36.437
Rec	248.317	537397.811	4763217.57	43.440281	0	0	110.297
Cur	358.613	537467.367	4763303.18	43.440281	-200	0	14.811
Rec	373.424	537476.273	4763315	38.725861	0	0	75.978
Cur	449.403	537519.693	4763377.35	38.725861	-200	0	32.473
Rec	481.876	537536.01	4763405.39	28.389424	0	0	109.269
Cur	591.145	537583.139	4763503.97	28.389424	-1000	0	4.559
Rec	595.704	537585.096	4763508.09	28.099183	0	0	490.025
Cur	1085.729	537794.429	4763951.15	28.099183	200	0	28.428
Rec	1114.157	537808.356	4763975.91	37.148031	0	0	193.298
Cur	1307.455	537914.856	4764137.22	37.148031	100	0	44.373
Rec	1351.828	537946.591	4764167.71	65.396658	0	0	246.956
Cur	1598.784	538157.956	4764295.43	65.396658	500	0	92.467
Rec	1691.251	538241.055	4764335.68	77.169915	0	0	174.165
Cur	1865.416	538404.141	4764396.81	77.169915	-40	0	44.639
Rec	1910.055	538429.917	4764430.42	6.124539	0	0	4.87
	1914.925	538430.384	4764435.27	6.124539			

CAMIÑO B-3-2

Tipo	P.K.	Coord. X	Coord. Y	Azimut	Radio	Parametro	Longitud
Rec	0	538111.04	4763118.3	395.95565	0	0	53.486
Cur	53.486	538107.645	4763171.68	395.95565	-200	0	50.701
Rec	104.187	538098.081	4763221.33	379.817	0	0	128.336
Cur	232.524	538058.072	4763343.27	379.817	200	0	24.124
Rec	256.648	538051.95	4763366.59	387.496005	0	0	256.896
Cur	513.544	538001.817	4763618.55	387.496005	-80	0	70.676
Rec	584.22	537961.071	4763673.49	331.254114	0	0	269.616
	853.836	537723.299	4763800.6	331.254114			

CAMIÑO B-3-3

Tipo	P.K.	Coord. X	Coord. Y	Azimut	Radio	Parametro	Longitud
Rec	0	538154.917	4763111.64	313.643748	0	0	29.535
Cur	29.535	538126.058	4763117.92	313.643748	-40	0	16.091
Rec	45.625	538110.077	4763118.13	288.034899	0	0	56.537
Cur	102.162	538054.536	4763107.57	288.034899	30	0	21.277
Rec	123.439	538033.99	4763111.02	333.185945	0	0	149.602
Cur	273.041	537904.259	4763185.53	333.185945	-1000	0	18.389
Rec	291.43	537888.229	4763194.54	332.015278	0	0	409.942
	701.372	537529.041	4763392.11	332.015278			

CAMIÑO B-7-3

Tipo	P.K.	Coord. X	Coord. Y	Azimut	Radio	Parametro	Longitud
Rec	0	537629.696	4761638.9	273.964801	0	0	2.627
Cur	2.627	537627.286	4761637.85	273.964801	80	0	57.826
Rec	60.453	537570.774	4761635.16	319.981221	0	0	69.495
Cur	129.948	537504.674	4761656.62	319.981221	-40	0	24.132
Rec	154.079	537480.909	4761656.91	281.574691	0	0	23.187
	177.266	537458.686	4761650.29	281.574691			

CAMIÑO B-7-5

Tipo	P.K.	Coord. X	Coord. Y	Azimut	Radio	Parametro	Longitud
Rec	0	537705.142	4761585.12	224.553821	0	0	24.976
Cur	24.976	537695.747	4761561.97	224.553821	-140	0	116.643
Rec	141.618	537699.246	4761448.73	171.513094	0	0	37.187
	178.805	537715.336	4761415.2	171.513094			

CAMIÑO C-1-2

Tipo	P.K.	Coord. X	Coord. Y	Azimut	Radio	Parametro	Longitud
Rec	0	536622.194	4764148.03	302.932678	0	0	68.051
Cur	68.051	536554.215	4764151.16	302.932678	60	0	11.854

Tipo	P.K.	Coord. X	Coord. Y	Azimut	Radio	Parametro	Longitud
Rec	79.905	536542.504	4764152.87	315.51055	0	0	30.089
Cur	109.995	536513.303	4764160.13	315.51055	-60	0	14.287
Rec	124.282	536499.16	4764161.9	300.351421	0	0	20.894
	145.176	536478.266	4764162.01	300.351421			

CAMIÑO C-2-1

Tipo	P.K.	Coord. X	Coord. Y	Azimut	Radio	Parametro	Longitud
Rec	0	538189.207	4763396.78	13.100179	0	0	63.996
Cur	63.996	538202.283	4763459.43	13.100179	-100	0	14.722
Rec	78.717	538204.222	4763474.01	3.727994	0	0	42.74
Cur	121.457	538206.723	4763516.68	3.727994	100	0	14.834
Rec	136.291	538208.684	4763531.37	13.171633	0	0	32.028
Cur	168.319	538215.264	4763562.71	13.171633	500	0	40.606
Rec	208.925	538225.209	4763602.07	18.341757	0	0	16.576
Cur	225.501	538229.919	4763617.96	18.341757	-100	0	37.105
Rec	262.607	538233.697	4763654.66	394.719718	0	0	56.565
Cur	319.172	538229.011	4763711.03	394.719717	500	0	84.839
Rec	404.011	538229.171	4763795.77	5.521753	0	0	58.819
Cur	462.83	538234.267	4763854.37	5.521753	500	0	31.317
Rec	494.147	538237.955	4763885.46	9.509141	0	0	56.386
Cur	550.532	538246.346	4763941.22	9.509141	-500	0	60.586
Rec	611.118	538251.714	4764001.53	1.795117	0	0	52.908
Cur	664.026	538253.206	4764054.42	1.795117	-150	0	70.578
Rec	734.604	538238.83	4764122.85	371.840985	0	0	16.219
Cur	750.823	538231.887	4764137.51	371.840985	200	0	75.828
Rec	826.651	538213.039	4764210.49	395.977794	0	0	110.756
	937.406	538206.046	4764321.02	395.977794			

CAMIÑO C-2-5

Tipo	P.K.	Coord. X	Coord. Y	Azimut	Radio	Parametro	Longitud
Rec	0	537046.204	4764244.15	45.486314	0	0	12.265
Cur	12.265	537054.241	4764253.41	45.486314	20	0	10.107
Rec	22.372	537062.473	4764259.09	77.657179	0	0	42.099
Cur	64.471	537102.006	4764273.56	77.657179	-60	0	21.899
Rec	86.37	537120.758	4764284.64	54.421779	0	0	0.043
Cur	86.413	537120.79	4764284.66	54.42178	60	0	43.235
Rec	129.648	537160.448	4764299.4	100.295413	0	0	68.982
Cur	198.629	537229.429	4764299.07	100.295412	-100	0	39.336
Rec	237.966	537267.794	4764306.53	75.253116	0	0	21.992
Cur	259.958	537288.146	4764314.87	75.253116	60	0	38.835
Rec	298.794	537326.226	4764317.35	116.458574	0	0	70.594
	369.387	537394.473	4764299.3	116.458574			

CAMIÑO D-1-4

Tipo	P.K.	Coord. X	Coord. Y	Azimut	Radio	Parametro	Longitud
Rec	0	536332.699	4763540.09	352.148748	0	0	19.646
Cur	19.646	536319.284	4763554.44	352.148748	-40	0	16.348
Rec	35.994	536306.022	4763563.8	326.130134	0	0	29.065
Cur	65.06	536279.371	4763575.4	326.130134	40	0	10.057
Rec	75.117	536270.748	4763580.53	342.136438	0	0	26.398
Cur	101.515	536249.924	4763596.75	342.136438	40	0	8.509
Rec	110.024	536243.817	4763602.65	355.678238	0	0	38.438
Cur	148.462	536219.166	4763632.14	355.678238	-40	0	13.46
Rec	161.921	536208.975	4763640.84	334.256776	0	0	70.067
Cur	231.989	536148.81	4763676.75	334.256776	-40	0	10.449
Rec	242.438	536139.243	4763680.88	317.62644	0	0	70.743
Cur	313.181	536071.194	4763700.22	317.62644	-40	0	19.552
Rec	332.733	536051.846	4763700.84	286.508012	0	0	106.967
Cur	439.7	535947.273	4763678.34	286.508012	40	0	5.35
Rec	445.05	535941.983	4763677.57	295.022363	0	0	61.905
Cur	506.955	535880.268	4763672.74	295.022363	40	0	15.083
Rec	522.038	535865.365	4763674.39	319.028197	0	0	70.669
Cur	592.707	535797.829	4763695.2	319.028197	120	0	36.372
Rec	629.079	535765.21	4763710.97	338.324267	0	0	83.438
Cur	712.518	535696.439	4763758.22	338.324267	200	0	34.714
Rec	747.232	535669.673	4763780.26	349.374135	0	0	115.843
Cur	863.075	535586.958	4763861.36	349.374135	-40	0	17.849
Rec	880.923	535571.891	4763870.65	320.967221	0	0	43.905
Cur	924.828	535530.345	4763884.85	320.967221	20	0	15.682
Rec	940.51	535518.87	4763894.94	370.883045	0	0	60.468
Cur	1000.978	535492.168	4763949.2	370.883045	-40	0	13.331
Rec	1014.309	535484.414	4763959.97	349.666222	0	0	0.691
	1015	535483.923	4763960.45	349.666222			

CAMIÑO D-1-8

Tipo	P.K.	Coord. X	Coord. Y	Azimut	Radio	Parametro	Longitud
Rec	0	536468.599	4764162.16	299.28031	0	0	34.425
Cur	34.425	536434.176	4764161.77	299.28031	-40	0	25.724
Rec	60.149	536410.281	4764153.51	258.339315	0	0	4.74
Cur	64.889	536406.52	4764150.62	258.339315	40	0	23.502
Rec	88.391	536384.845	4764142.45	295.744021	0	0	51.524
Cur	139.915	536333.435	4764139.01	295.744021	40	0	18.501
Rec	158.417	536315.346	4764142.01	325.189526	0	0	19.55
Cur	177.966	536297.307	4764149.54	325.189526	40	0	20.838
Rec	198.804	536280.982	4764162.11	358.353886	0	0	9.573
Cur	208.377	536275.157	4764169.71	358.353886	-30	0	34.899
Rec	243.276	536244.025	4764180.54	284.296233	0	0	90.408
Cur	333.684	536156.353	4764158.47	284.296233	-100	0	28.235
Rec	361.919	536130.302	4764147.83	266.32134	0	0	45
Cur	406.919	536091.454	4764125.11	266.32134	-300	0	88.429
Rec	495.348	536022.744	4764069.96	247.556058	0	0	94.328

Tipo	P.K.	Coord. X	Coord. Y	Azimut	Radio	Parametro	Longitud
Cur	589.676	535958.653	4764000.75	247.556058	100	0	52.893
Rec	642.569	535914.341	4763973.01	281.228892	0	0	155.619
Cur	798.188	535765.438	4763927.79	281.228892	-60	0	63.659
Rec	861.848	535724.254	4763883.17	213.684302	0	0	30.194
Cur	892.042	535717.814	4763853.67	213.684302	100	0	17.424
Rec	909.465	535712.637	4763837.06	224.776472	0	0	75.255
	984.721	535684.082	4763767.43	224.776472			

CAMIÑO D-4-1

Tipo	P.K.	Coord. X	Coord. Y	Azimut	Radio	Parámetro	Longitud
Rec	0	536536.713	4763740.73	274.979592	0	0	23.848
Cur	23.848	536514.682	4763731.60	274.979592	-40	0	26.873
Rec	50.721	536495.013	4763714.03	232.209908	0	0	81.367
Cur	132.088	536455.580	4763642.86	232.209908	-100	0	2.345
Rec	134.433	536454.467	4763640.80	230.716770	0	0	84.791
Cur	219.224	536415.125	4763565.69	230.716770	-100	0	12.701
Rec	231.925	536409.961	4763554.09	222.631059	0	0	33.518
Cur	265.443	536398.295	4763522.67	222.631059	10	0	18.489
Rec	283.932	536383.000	4763518.09	340.333609	0	0	35.207
Cur	319.14	536354.625	4763538.93	340.333609	-20	0	26.781
Rec	345.92	536329.817	4763538.04	255.087316	0	0	106.21
Cur	452.131	536248.960	4763469.17	255.087316	-100	0	9.018
Rec	461.148	536242.367	4763463.03	249.346366	0	0	68.134
Cur	529.282	536194.687	4763414.36	249.346366	-100	0	30.857
Rec	560.139	536176.807	4763389.36	229.702207	0	0	25.823
Cur	585.962	536165.192	4763366.29	229.702207	60	0	25.613
Rec	611.575	536149.208	4763346.53	256.878632	0	0	52.256
Cur	663.831	536108.489	4763313.78	256.878632	40	0	20.083
Rec	683.914	536090.394	4763305.56	288.842494	0	0	43.714
Cur	727.629	536047.350	4763297.94	288.842494	40	0	20.548
Rec	748.177	536027.094	4763299.59	321.546236	0	0	49.6
Cur	797.777	535980.308	4763316.06	321.546236	-20	0	25.768
Rec	823.545	535957.400	4763308.83	239.524309	0	0	176.703
Cur	1000.248	535854.607	4763165.10	239.524309	80	0	35.173
Rec	1035.42	535828.611	4763141.83	267.513695	0	0	42.552
	1077.972	535791.480	4763121.05	267.513695			

CAMIÑO D-4-2

Tipo	P.K.	Coord. X	Coord. Y	Azimut	Radio	Parametro	Longitud
Rec	0	536394.611	4763517.93	174.258167	0	0	6.791
Cur	6.791	536397.282	4763511.68	174.258167	30	0	31.32
Rec	38.111	536393.77	4763481.97	240.722056	0	0	38.029
Cur	76.14	536371.07	4763451.46	240.722056	-100	0	17.698
Rec	93.838	536361.814	4763436.41	229.455155	0	0	64.4
Cur	158.238	536333.069	4763378.78	229.455155	-60	0	28.331
Rec	186.569	536326.763	4763351.43	199.394628	0	0	7.871
Cur	194.44	536326.838	4763343.55	199.394627	80	0	36.217

Tipo	P.K.	Coord. X	Coord. Y	Azimut	Radio	Parametro	Longitud
Rec	230.657	536319.112	4763308.49	228.215243	0	0	68.47
Cur	299.128	536289.75	4763246.63	228.215243	100	0	45.304
Rec	344.432	536261.866	4763211.42	257.056795	0	0	22.412
Cur	366.844	536244.363	4763197.42	257.056795	-100	0	18.264
Rec	385.108	536231.217	4763184.78	245.429579	0	0	68.254
Cur	453.361	536186.54	4763133.18	245.429579	-200	0	16.201
Rec	469.562	536176.443	4763120.51	240.272626	0	0	51.62
Cur	521.183	536145.923	4763078.88	240.272626	-200	0	17.482
Rec	538.664	536136.216	4763064.35	234.707973	0	0	160.53
Cur	699.195	536052.968	4762927.09	234.707973	80	0	33.956
Rec	733.151	536029.813	4762902.6	261.729345	0	0	39.654
Cur	772.805	535997.111	4762880.18	261.729345	-100	0	33.34
Rec	806.145	535973.237	4762857.12	240.504461	0	0	46.517
	852.662	535945.598	4762819.71	240.504461			

CAMIÑO D-4-3

Tipo	P.K.	Coord. X	Coord. Y	Azimut	Radio	Parametro	Longitud
Rec	0	536704.008	4763361.17	310.262706	0	0	10.019
Cur	10.019	536694.119	4763362.78	310.262706	-20	0	23.137
Rec	33.156	536674.127	4763353.92	236.614664	0	0	58.088
Cur	91.244	536642.53	4763305.18	236.614664	200	0	38.11
Rec	129.354	536618.887	4763275.36	248.745505	0	0	233.883
Cur	363.238	536456.797	4763106.75	248.745505	-200	0	75.987
Rec	439.225	536415.675	4763043.4	224.558058	0	0	45.737
Cur	484.962	536398.466	4763001.02	224.558058	20	0	17.354
Rec	502.316	536386.176	4762989.55	279.798258	0	0	10.943
Cur	513.259	536375.78	4762986.13	279.798258	-40	0	19.157
Rec	532.417	536359.671	4762976.11	249.308736	0	0	31.217
Cur	563.634	536337.838	4762953.79	249.308736	80	0	22.365
Rec	585.999	536320.179	4762940.19	267.106591	0	0	1.028
Cur	587.027	536319.285	4762939.68	267.106591	-150	0	44.423
Rec	631.451	536284.449	4762912.38	248.252723	0	0	30.322
Cur	661.773	536263.604	4762890.35	248.252723	100	0	64.653
Rec	726.426	536207.535	4762860.48	289.411914	0	0	9.236
Cur	735.661	536198.427	4762858.95	289.411914	-50	0	24.215
Rec	759.876	536176.421	4762849.42	258.580804	0	0	1.54
	761.416	536175.195	4762848.49	258.580804			

CAMIÑO D-4-4

Tipo	P.K.	Coord. X	Coord. Y	Azimut	Radio	Parametro	Longitud
Rec	0	536460.333	4762726.17	333.126316	0	0	61.332
Cur	61.332	536407.119	4762756.67	333.126316	-250	0	77.555
Rec	138.886	536334.97	4762784.26	313.377201	0	0	36.844
Cur	175.73	536298.936	4762791.94	313.377201	250	0	38.708
Rec	214.439	536261.855	4762802.91	323.234132	0	0	37.034
Cur	251.473	536227.26	4762816.13	323.234132	160	0	57.352

Tipo	P.K.	Coord. X	Coord. Y	Azimut	Radio	Parametro	Longitud
Rec	308.825	536178.454	4762845.66	346.053902	0	0	3.145
Cur	311.97	536176.097	4762847.74	346.053902	-20	0	2.963
Rec	314.933	536173.739	4762849.53	336.623229	0	0	52.325
Cur	367.258	536129.836	4762878	336.623229	20	0	13.856
Rec	381.114	536121.627	4762888.82	380.727712	0	0	0.98
Rec	382.094	536121.335	4762889.75	381.271394	0	0	4.383
Rec	386.477	536120.064	4762893.95	376.971694	0	0	13.518
Cur	399.995	536115.28	4762906.59	376.971694	-100	0	42.268
Rec	442.263	536092.532	4762941.84	350.063018	0	0	26.959
	469.222	536073.488	4762960.92	350.063018			

CAMIÑO D-5-1

Tipo	P.K.	Coord. X	Coord. Y	Azimut	Radio	Parametro	Longitud
Rec	0	537542.229	4762189.29	302.358529	0	0	17.628
Cur	17.628	537524.613	4762189.94	302.358529	-120	0	40.763
Rec	58.391	537484.403	4762184.57	280.733185	0	0	37.928
Cur	96.319	537448.198	4762173.27	280.733185	120	0	34.64
Rec	130.959	537414.11	4762167.82	299.110122	0	0	27.485
Cur	158.443	537386.628	4762167.44	299.110122	-40	0	33.299
Rec	191.742	537357.23	4762153.95	246.11339	0	0	104.558
Cur	296.3	537287.945	4762075.64	246.11339	80	0	28.675
Rec	324.975	537265.54	4762057.99	268.932263	0	0	70.802
Cur	395.777	537203.003	4762024.8	268.932263	-80	0	11.469
Rec	407.246	537193.293	4762018.71	259.805495	0	0	27.948
Cur	435.194	537170.733	4762002.22	259.805495	-120	0	27.832
Rec	463.025	537150.364	4761983.34	245.040411	0	0	24.562
Cur	487.588	537134.4	4761964.67	245.040411	60	0	39.055
Rec	526.642	537101.448	4761945.02	286.478577	0	0	38.814
Cur	565.457	537063.506	4761936.84	286.478577	-40	0	37.411
Rec	602.868	537035.466	4761914.16	226.937139	0	0	30.144
Cur	633.012	537023.089	4761886.67	226.937139	40	0	14.822
Rec	647.834	537014.665	4761874.58	250.527337	0	0	35.916
Cur	683.749	536989.059	4761849.4	250.527337	-120	0	19.007
Rec	702.757	536976.618	4761835.05	240.443704	0	0	49.261
Cur	752.018	536947.386	4761795.4	240.443704	120	0	43.765
Rec	795.783	536915.635	4761765.63	263.661945	0	0	18.258
Cur	814.041	536900.271	4761755.77	263.661945	120	0	104.669
Rec	918.71	536799.807	4761742.16	319.190441	0	0	16.21
Cur	934.92	536784.328	4761746.97	319.190441	-300	0	103.343
Rec	1038.263	536682.352	4761760.22	297.260449	0	0	139.12
Cur	1177.383	536543.361	4761754.23	297.260449	-20	0	7.033
Rec	1184.416	536536.531	4761752.72	274.872616	0	0	4.688
	1189.104	536532.203	4761750.91	274.872616			

CAMIÑO D-5-2

Tipo	P.K.	Coord. X	Coord. Y	Azimut	Radio	Parametro	Longitud
Rec	0	537248.834	4762049.12	358.767652	0	0	1.401
Cur	1.401	537247.989	4762050.24	358.767652	-40	0	25.302
Rec	26.703	537227.549	4762064.43	318.49783	0	0	42.095
Cur	68.798	537187.219	4762076.49	318.49783	-40	0	21.576
Rec	90.374	537165.908	4762076.94	284.158794	0	0	40.362
Cur	130.736	537126.789	4762067	284.158794	40	0	24.573
Rec	155.309	537102.642	4762068.41	323.267989	0	0	117.983
Cur	273.292	536992.451	4762110.57	323.267989	40	0	30.731
Rec	304.023	536970.507	4762131	372.177383	0	0	33.5
Cur	337.523	536956.328	4762161.35	372.177383	-80	0	41.572
Rec	379.095	536929.946	4762192.88	339.095361	0	0	130.041
Cur	509.136	536823.665	4762267.81	339.095361	-100	0	39.375
Rec	548.511	536787.9	4762283.66	314.028165	0	0	5.578
Cur	554.089	536782.457	4762284.88	314.028165	60	0	26.936
Rec	581.025	536758.346	4762296.38	342.607964	0	0	106.805
	687.83	536674.583	4762362.64	342.607964			

CAMIÑO D-6-1

Tipo	P.K.	Coord. X	Coord. Y	Azimut	Radio	Parametro	Longitud
Rec	0	538118.339	4762474.9	231.640534	0	0	108.095
Cur	108.095	538066.799	4762379.89	231.640534	-60	0	33.201
Rec	141.296	538059.635	4762347.9	196.412995	0	0	34.849
Cur	176.144	538061.598	4762313.11	196.412995	100	0	41.902
Rec	218.046	538055.252	4762272	223.088578	0	0	106.299
Cur	324.346	538017.539	4762172.61	223.088578	60	0	40.923
Rec	365.269	537991.57	4762142.01	266.509197	0	0	56.342
Cur	421.61	537942.847	4762113.72	266.509197	-40	0	34.487
Rec	456.098	537923.597	4762086.39	211.620676	0	0	51.707
	507.805	537914.211	4762035.54	211.620676			

CAMIÑO D-7-3

Tipo	P.K.	Coord. X	Coord. Y	Azimut	Radio	Parametro	Longitud
Rec	0	537458.686	4761650.29	308.562251	0	0	42.242
Cur	42.242	537416.826	4761655.95	308.562251	-40	0	1.862
Rec	44.104	537414.975	4761656.16	305.598583	0	0	139.978
Cur	184.082	537275.538	4761668.46	305.598583	-30	0	35.819
Rec	219.9	537246.086	4761652.02	229.589159	0	0	171.742
Cur	391.642	537169.106	4761498.49	229.589159	-60	0	77.917
Rec	469.559	537182.418	4761427.17	146.916622	0	0	63.822
Cur	533.381	537229.68	4761384.28	146.916622	60	0	49.608
Rec	582.99	537249.356	4761340.27	199.552808	0	0	82.38
Cur	665.37	537249.934	4761257.89	199.552808	-40	0	33.344
Rec	698.714	537263.253	4761228.37	146.484389	0	0	26.56
Cur	725.274	537283.042	4761210.65	146.484389	-40	0	19.748

Tipo	P.K.	Coord. X	Coord. Y	Azimut	Radio	Parametro	Longitud
Rec	745.022	537300.351	4761201.57	115.054658	0	0	98.924
Cur	843.946	537396.522	4761178.39	115.054658	60	0	53.563
Rec	897.509	537436.709	4761145.71	171.886555	0	0	52.965
	950.474	537459.346	4761097.82	171.886555			

CAMIÑO D-7-4

Tipo	P.K.	Coord. X	Coord. Y	Azimut	Radio	Parametro	Longitud
Rec	0	537745.525	4761325.15	257.191084	0	0	349.645
Cur	349.645	537471.997	4761107.36	257.191084	300	0	57.023
Rec	406.667	537424.29	4761076.28	269.291717	0	0	88.791
Cur	495.458	537345.63	4761035.1	269.291717	-35	0	29.833
Rec	525.291	537327.836	4761012.27	215.028238	0	0	15.331
Cur	540.622	537324.251	4760997.37	215.028238	-35	0	24.18
Rec	564.802	537326.838	4760973.81	171.046926	0	0	1.295
Cur	566.097	537327.407	4760972.65	171.046925	50	0	30.958
Rec	597.055	537331.815	4760942.5	210.464104	0	0	83.251
	680.306	537318.193	4760860.37	210.464104			

CAMIÑO E-2-2

Tipo	P.K.	Coord. X	Coord. Y	Azimut	Radio	Parametro	Longitud
Rec	0	537496.111	4764317.93	25.372604	0	0	42.885
Cur	42.885	537512.753	4764357.45	25.372604	60	0	31.14
Rec	74.024	537531.585	4764381.81	58.412753	0	0	24.153
Cur	98.177	537550.764	4764396.49	58.412753	-60	0	35.02
Rec	133.197	537570.985	4764424.48	21.25537	0	0	3.848
Cur	137.045	537572.246	4764428.11	21.25537	40	0	32.818
Rec	169.862	537593.855	4764451.58	73.486118	0	0	90.608
Cur	260.47	537676.718	4764488.24	73.486118	100	0	47.557
Rec	308.027	537723.078	4764496.61	103.761569	0	0	115.006
Cur	423.033	537837.883	4764489.82	103.761569	-80	0	83.668
Rec	506.7	537909.347	4764525.57	37.181035	0	0	239.674
	746.374	538041.502	4764725.52	37.181035			

CAMIÑO E-2-3

150202*	Absorbentes, materiais de filtración, trapos de limpeza e roupas protectoras.		
17	**Residuos da construción e demolición (incluída a terra escavada das zonas contaminadas)**		
170101	Formigón (restos de pavimentos, lousas, prefabricados, etc)		80,00
170102	Ladrillos		
170103	Tellas e materiais cerámicos.		

Código	Descrición	I	M³
170106*	Mesturas ou fraccións separadas de formigón, ladrillos, tellas e materiais cerámicos que conteñen substancias perigosas.		
170201	Madeira.		10,00
170202	Vidro.		
170203	Plástico.		5,00
170204*	Vidro, plástico e madeira que conteñen substancias perigosas ou están contaminados por elas.		
170301*	Mesturas bituminosas que conteñen chapapote de hulla.		
170302	Mesturas bituminosas distintas das especificadas en 170301		
170303*	Chapapote de hulla e productos de chapapotes.		
170401	Cobre, bronce, latón.		
170402	Aluminio.		
170403	Chumbo.		
170404	Zinc		
170405	Ferro e aceiro.		
170406	Estaño.		
170407	Metais mesturados.		
170409*	Residuos metálicos contaminados por substancias perigosas.		
170410	Cables que conteñen hidrocarburos, chapapote de hulla e outras substancias perigosas.		
170411	Cables distintos dos especificados en 170410		
170504	Terras e material pétreo que non conteñen substancias perigosas.		750,00
170601*	Materiais de illamento que conteñen amianto.		
170603*	Outros materiais de illamento que consisten en, ou conteñen substancias perigosas.		
170604	Materiais de illamento distintos dos especificados en 170601 e		

Código	Descrición	I	M³
	170603.		
170605*	Materiais de construción que conteñen amianto (6).		
170801*	Materiais a partir de xeso contaminado con substancias perigosas.		
170802	Materiais a partir de xeso distintos dos especificados en 170801.		
170901*	Residuos de construción e demolición que conteñen mercurio. Residuos de construción e demolición que conteñen PCB (por exemplo selantes con PCB, revestimentos de solos a partir de resinas con PCB, acristalamentos dobres que conteñen PCB, condensadores que conteñen PCB).		
170903*	Outros residuos de construción e demolición (incluídos os residuos mesturados) que conteñen substancias perigosas.		
170904	Residuos mesturados da construción e da demolición distintos dos especificados en 170901, 170902 e 170903.		

II.- MEDIDAS PARA A PREVENCIÓN DE RESIDUOS NA OBRA OBXECTO DO PROXECTO.

A maior parte dos residuos que se xeran na obra son de natureza non perigosa. Para este tipo de residuos non se prevé ningunha medida específica de prevención máis ala das que implican un manexo coidadoso.

Con respecto ás moderadas cantidades de residuos contaminantes ou perigosos, trataranse con precaución e preferiblemente retiraranse da obra a medida que se empreguen. O Constructor encargarase de almacenar separadamente estes residuos ata á súa entrega ao "xestor de residuos" correspondente e, no seu caso, especificará nos contratos a formalizar cos subcontratistas a obriga de estes de retirar da obra todos os residuos xerados pola súa actividade, así como de responsabilizarse da súa xestión posterior.

III.- OPERACIÓNS DE REUTILIZACIÓN, VALORACIÓN OU ELIMINACIÓN Á QUE SE DESTINARÁN OS RESIDUOS QUE SE XERARÁN NA OBRA.

O xestor autorizado de RCD pode orientar e aconsellar sobre os tipos de residuos e a forma de xestión máis axeitada. Pode indicarnos se existen posibilidades de reciclaxe e reutilización en orixe.

Segundo o anexo I da Orde MAM/304/2002 sobre residuos, considéranse as seguintes operacións de conformidade coa Decisión 96/35/CE relativa aos residuos. Na táboa indícase se as accións consideradas realizaranse ou non na presente obra:

Código	Operación	SI	NON
D	**ELIMINACIÓN**		
D 10	Incineración en terra		X
D 11	Incineración no mar		X
R	**VALORIZACIÓN**		
R 1	Utilización principal como combustible ou como outro medio de xerar enerxía.		X
R 4	Reciclado ou recuperación de metais e de compostos metálicos.		X
R 10	Tratamento de solos, producindo un beneficio á agricultura ou unha mellora ecolóxica dos mesmos.		X

Na táboa que segue, indícase se as accións de REUTILIZACIÓN consideradas realizaranse ou non na presente obra:

Destino	Operación	SI	NON
	REUTILIZACIÓN		
Recheo	Mesturas de formigón, ladrillos, tellas e materiais cerámicos, distintas ás especificadas no código 17 01 06.		X
Recheo	Materiais de construción a partir de xeso distintos aos especificados no código 17 08 01.		X

IV.- MEDIDAS PARA A SEPARACIÓN DE RESIDUOS.

Os residuos da mesma natureza ou semellantes deben ser almacenados nos mesmos contedores, xa que deste xeito aprovéitase mellor o espazo e facilítase a súa posterior valorización.

NO CASO DE RESIDUOS PERIGOSOS:

Deben separarse e gardarse nun contedor seguro ou nunha zona reservada, que permaneza pechada cando non se utilice e debidamente protexida da chuvia.

Impedirase que un eventual vertido destes materiais chegue ao chan, xa que doutro xeito causaría a súa contaminación. Polo tanto, será necesaria unha impermeabilización do mesmo mediante a construción de soleiras de formigón ou zonas asfaltadas.

Os recipientes nos que se garden deben estar etiquetados con claridade e pechar perfectamente para evitar derrames o perdas por evaporación.

Os propios recipientes merecen un manexo e evacuación especiais: débense protexer do calor excesivo ou do lume, xa que conteñen productos facilmente inflamables.

Podemos considerar que a xestión interna dos residuos da obra, cando se aplican criterios de clasificación, custa aproximadamente, 2,7 horas persoa/m3.

V.- INSTALACIÓNS PREVISTAS PARA O ALMACENAMENTO DE RESIDUOS, MANEXO, SEPARACIÓN E OUTRAS OPERACIÓNS.

Serán necesarios, como mínimo, os seguintes elementos de almacenamento:

- Unha zona específica para almacenamento de materiais reutilizables.
- Un contedor para residuos pétreos.
- Un contedor e/ou un compactador para residuos banais.
- Un ou varios contedores para materiais contaminados.
- No caso de obra nova, e durante a fase de enxesados, un contedor específico para este tipo de residuos.

VI.- PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES.

O Prego de condicións da parte referente aos residuos forma parte do contido do Prego de condicións xerais e particulares do proxecto.

VII.- ORZAMENTO.

A Xestión de Residuos ten un Orzamento de Execución Material de **TRES MIL CENTO CORENTA E TRES EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS (3.143,15.-€)** e inclúese como capítulo no Orzamento Xeral do Proxecto.

A CORUÑA, maio de 2016

O director do proxecto

José Antonio Portos Mouriño
Enxeñeiro Agrónomo

O redactor do proxecto

Víctor M. de la Cruz Vigo
Enxeñeiro Agrónomo

ANEXO Nº 11

ESTUDO DE SEGURIDADE E SAÚDE

MEMORIA

ÍNDICE

1. OBXECTO DO ESTUDO 2
2. PROMOTOR 2
3. DESCRICIÓN DA OBRA E PROCESO CONSTRUTIVO 2
3.1. Descrición da obra e localización 2
3.2. Proceso construtivo 3
3.3. Orzamento, e prazo de execución 3
4. DESCRICIÓN DAS CARACTERÍSTICAS DA OBRA 3
4.1. Características xerais 3
4.2. Características construtivas e dos materiais 3
4.3. Proceso construtivo 4
4.3.1. Instalacións provisionais de obra previstas 4
4.3.2. Equipos de traballo previstos: equipos técnicos 4
4.3.3. Nº de operarios 5
4.3.4. Programa da obra e seguridade 5
4.3.5. Obrigas dos contratista e subcontratistas 7
5. IDENTIFICACIÓN E RELACIÓN DE RISCOS LABORAIS 7
5.1. Riscos profesionais nas distintas actividades 7
5.2. Riscos e danos a terceiros. 9
5.3. Responsable de seguridade na obra. 9
5.4. Plan de emerxencia. 9
5.5. Accidentes laborais. 10
6. MEDIDAS PREVENTIVAS E PROTECCIÓNS TÉCNICAS 10
6.1. Xerais 11
6.2. Movemento de terras. 11
6.3. En transportes, vertido, estendido e compactación. 12
6.4. Firmes: 13
6.5. Colocación de sinais 13
6.6. Tubos de formigón 13
6.7. Protección de incendios. 14
6.8. Control de calidade 14
7. PROTECCIÓNS TÉCNICAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS. 15
7.1. Protección individuais 15
7.2. Protección colectivas 15
7.3. Sinalización 16
7.4. Formación 16

MEMORIA

1. OBXECTO DO ESTUDO

O obxecto deste documento, é o de desenvolver as condicións de Seguridade e Saúde mínimas aplicables ás obras que se refire o presente proxecto, titulado "PROXECTO DE CAMIÑOS PRINCIPAIS NA Z.R.P. DE TRAZO (TRAZO – A CORUÑA)" segundo recolle no R.D. 1627/97 sobre Disposicións mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción.

Establécese pois neste Documento, as previsións respecto da prevención de accidentes e enfermidades profesionais, así como as instalacións preceptivas de hixiene e benestar dos traballadores, que vaian afectar ao proceso construtivo da obra.

2. PROMOTOR

O citado proxecto é promovido pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería do Medio Rural e do Mar.

3. DESCRICIÓN DA OBRA E PROCESO CONSTRUTIVO

3.1. Descrición da obra e localización

As obras incluídas no presente proxecto sitúanse na parroquia de Trazo, pertencente ao Concello de Trazo, na comarca de Ordes.

As coordenadas UTM e xeográficas, do centro da zona, no sistema de coordenadas ETRS-89 e Fuso 29 son:

	X:	537369,2504
UTM	Y:	4743038,5786
XEOGRÁFICAS	Long:	8º 32' 33,7956'' W
	Lat:	42º 50' 20.42952'' N

As obras descritas no proxecto de execución son as inherentes á Concentración Parcelaria, para servizo das leiras resultantes da nova distribución da propiedade.

O tipo de actuación a desenvolver en cada camiño varía dependendo do estado actual dos xa existentes, así como das características do medio.

3.2. Proceso construtivo

Os camiños terán unha anchura entre 4 e 5 m. útiles, coas súas correspondentes cunetas e obras de fábricas específicas. As obras e os procesos difiren segundo o camiño.

3.3. Orzamento, e prazo de execución

O orzamento Base de execución por contrata ascende a UN MILLÓN NOVECENTOS SETE MIL NOVECENTOS SESENTA E DOUS EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS (1.907.962,46 €).

O prazo de execución da obra é de 12 meses.

O número máximo estimado de traballadores durante a execución das obras é de 20.

4. DESCRICIÓN DAS CARACTERÍSTICAS DA OBRA

4.1. Características xerais

Os 49 camiños nos que se proxecta algún tipo de actuación atópanse distribuídos nas 851,836 ha. da zona de Reestruturación Parcelaria e suman un total de 30.703,13 m. de lonxitude.

4.2. Características construtivas e dos materiais

Os camiños, segundo as características actuais e o seu estado de conservación, están proxectados con diferentes unidades construtivas (Ver plano Nº 6: Seccións tipo).

Atendendo ao ancho, tipo e espesor de firme clasifícanse en A, B e C, con 5,0 m. de calzada, e D, E e F con 4 m.

En total proxéctanse as seguintes obras de fábrica:

- 153 caños de distintos diámetros e lonxitudes coas súas embocaduras, en todos os camiños.
- 6 marcos prefabricados de formigón de entre 5 e 6 m de lonxitude, entre 2,0 e 2,5 m. de ancho e entre 1,5 e 2,0 m. de altura.

Realizaranse actividades previas enfocadas á roza da vexetación que actualmente se atope dentro do trazado dos camiños, así como a retirada da terra vexetal.

4.3. Proceso construtivo

As Unidades de Obra que compón a presente obra aínda que non presentes en tódolos camiños, son as seguintes:

- Roza e despexe da vexetación, incluída a escavación e retirada da capa de terra vexetal.

  Realizaranse actividades previas enfocadas á roza da vexetación que actualmente se atope dentro do trazado dos camiños, así como a retirada da terra vexetal.

- Escavación en desmonte e o transporte da mesma a terraplén, ou a cabaleiro de terreos.
- Perfilado do Plano de Fundación.
- Construción de terrapléns, mediante a mestura, estendido, compactación e perfilado do mesmo.
- Escavación das cunetas mediante medios mecánicos.
- Colocación de canos sinxelos de diferentes diámetros.
- Realización de embocaduras e construción de arquetas para os mesmos.
- Extracción, transporte, estendido e compactación de zahorra natural.
- Triple tratamento superficial bituminoso naqueles tramos proxectados.
- Colocación de sinalización en camiños.

4.3.1. Instalacións provisionais de obra previstas

Ao tratarse dunha obra lineal, ao aire libre, e onde existirán varios traballos en funcionamento simultaneamente, prevese a instalación de casetas panelables a modo e utilización de vestiarios e aseos.

4.3.2. Equipos de traballo previstos: equipos técnicos

Os equipos previstos para a Execución dos traballos, son os seguintes:

Retroescavadora eiruga
Guindastre
Bulldózer con Rípper
Retroescavadora sobre pneumáticos
Motoniveladora media
Apisoadora vibrante
Pa de rodas
Compactadora pneumática
Compactadora tándem
Camión guindastre
Camión basculante (tonelaxe variada)
Camión cisterna para auga
Cuba de rega de ligantes

Camión gravillador
Tractor eiruga bulldózer D-9
Wagon-drill sobre rodas
Compresor móbil e martelo

4.3.3. Nº de operarios

O número medio de operarios previsto na execución dos traballos, é de 14 traballadores, cun máximo de 20.

O responsable na obra da contrata deberá dar una relación nominal dos operarios que traballarán na mesma. Para manter actualizadas as listas do persoal da contrata, as altas e baixas deben comunicarse inmediatamente de producirse.

A contrata enviará á Dirección Facultativa mensualmente fotocopia dos abonos da Seguridade Social e antes de comezar o traballo deberase presentar:

Relación sinxela de traballadores, mandos e intermedios, xefes de equipo e empregados do contratista que inclúan: nome e dous apelidos, oficio, categoría, enderezo dos interesados, número da Seguridade Social e número do D.N.I.

Alta individual na Seguridade Social, documento A2, para os que non figuran no documento TC2 cotizado e abonado.

Relación nominal e mensual da cotización en seguros sociais, documento TC2, no que figuren os nomes dos traballadores que prestarán servicios temporais nas obras, e os dos meses sucesivos.

O Xefe de obra subministrará as normas específicas de traballo a cada operario dos distintos gremios, asegurándose da súa comprensión e entendemento.

Todo persoal de novo ingreso na contrata (aínda que sexa eventual) debe pasar o recoñecemento médico obrigatorio.

4.3.4. Programa da obra e seguridade

Segundo o diagrama de execución dos Traballos, que ven reflectido no Proxecto de execución (Anexo Nº 7), estes son os seguintes:

- Replanteo.
- Despexe e desbroce.

  En cada camiño comezarase coa retirada dos tocóns da área de ocupación con retroescavadora. Despois realizarase a retirada de terra vexetal ata unha profundidade de 20 cm. con tractor de eirugas. O produto resultante será estendido nas leiras lindeiras.
- Excavación de todo tipo de terreo.

Procederase á escavación con tractor de eirugas e transporte a terraplén segundo os perfís lonxitudinais e transversais do proxecto. Inclúese escavación en roca con martelo rompedor.

- Subbase con material seleccionado.

  Elixiranse zonas para a extracción de material seleccionado, atendendo a adecuación do material, proximidade ó lugar de utilización e, sobre todo, ás autorizacións administrativas correspondentes. Con este material completarase a falta ata alcanzar a rasante de deseño regando e compactando có rolo vibrador en tongadas de 20 cm.

- Refino e planeo do camiño con apertura de gabias.

  Ambas operacións faranse con motoniveladora. Primeiro escavaranse as gabias e despois farase o perfilado do camiño cun bombeo do 3% cara ás gabias.

- Terraplén-compactado.
- Obras hidráulicas.
- Obras de fábrica.

  Na situación detallada nos planos do proxecto, construiranse os marcos e canos mediante prefabricados de formigón. Previamente farase a escavación da gabia na que serán encaixados e cubertos con formigón. As embocaduras e aletas serán de formigón e se realizarán mediante encofrado.

- Extracción - explanación de material seleccionado.
- Firme de zahorra artificial.

  A zahorra será transportada desde una das canteiras do entorno e descargada directamente no lugar de utilización. Estenderase no camiño có espesor proxectado e será regada e compactada có rolo vibrador.

- Formación de caixas para firmes.
- Base de macadan.
- Rego semiprofundo.
- Tratamento superficial.
- Tratamento de selado.
- Sinalización.

4.3.5. Obrigas dos contratista e subcontratistas

i. Os contratistas e subcontratistas estarán obrigados a:

a) Aplicar os principios da acción preventiva que se recollen no artigo 15 da Lei de Prevención de Riscos Laborais, en particular ao desenvolverse as tareas ou actividades indicadas no artigo 10 do presente Real Decreto.

b) Cumprir e facer cumprir o seu persoal o establecido no plan de seguridade e saúde ao que se refire o artigo 7.

c) Cumprir a normativa en materia de prevención de Riscos laborais, tendo en consideración, no seu caso, as obrigas sobre coordinación de actividades empresariais previstas no artigo 24 da Lei de Prevención de Riscos Laborais. Así mesmo cumprir as disposicións mínimas establecidas no anexo IV do presente Real Decreto, durante a execución da obra.

d) Informar e proporcionar as instrucións axeitadas aos traballadores autónomos sobre tódalas medidas que se teñan que adoptar no que se refire a súa seguridade e saúde na obra.

e) Atender ás indicacións e cumprir as instrucións do coordinador en materia de seguridade e de saúde durante a execución da obra ou, no seu caso, da dirección facultativa.

ii. Os contratistas e os subcontratistas serán responsables da execución correcta das medidas preventivas fixadas no plan de seguridade e saúde no referente ás obrigas que lles correspondan directamente ou, no seu caso, aos traballadores autónomos contratados por eles.

Ademais, os contratistas e os subcontratistas responderán solidariamente das consecuencias que se deriven do incumprimento das medidas previstas no plan, nos últimos do apartado 2 do artigo 42 da Lei de Prevención de Riscos Laborais.

iii. As responsabilidades dos coordinadores, da dirección facultativa e do promotor non eximen das súas responsabilidades aos contratistas e aos subcontratistas.

5. IDENTIFICACIÓN E RELACIÓN DE RISCOS LABORAIS

5.1. Riscos profesionais nas distintas actividades

a. Xerais

- Colisións con outra maquinaria ou vehículos da obra
- Colisións con vehículos alleos á obra
- Envorco de maquinaria

- Desprendementos
- Atrapamentos

b. Movementos de terra con máquinas.

- Atropelos.
- Golpes contra obxectos móbiles e inmóbiles.
- Caídas a nivel e a distinto nivel.
- Envorco de maquinaria
- Interferencias con liñas eléctricas aéreas ou enterradas.
- Ruído.
- Po.

c. Compactación e rega.

- Atropelos.
- Golpes contra obxectos móbiles e inmóbiles.
- Caídas a nivel e a distinto nivel.
- Envorco de maquinaria
- Interferencias con liñas eléctricas aéreas ou enterradas.
- Riscos por utilización de produtos bituminosos
- Ruído.
- Po.

d. Construción de marcos prefabricados, embocaduras e arquetas.

- Caídas a nivel e a distinto nivel.
- Cortes en manexo de ferramentas ou manipulación de ferralla.
- Feridas producidas por materiais ou ferramentas.
- Afeccións respiratorias.
- Atrapamentos.
- Atropelo por camións ou máquinas.
- Envorco de camións.
- Sobreesforzos.
- Perigo de incendios.
- Proxeccións de partículas a alta velocidade.
- Contactos eléctricos.

e. Colocación de canos e obras de fábrica.

- Caídas a nivel e a distinto nivel.
- Atrapamentos.
- Desprendemento de cargas en suspensión.
- Cortes e feridas na manipulación de materiais ou ferramentas.
- Atropelo por camións ou maquinaria.

- Envorco de maquinaria.
- Sobreesforzos.
- Feridas de maquinaria e ferramentas
- Salpicaduras de formigón nos ollos

f. Colocación de sinalización e valos indicadores.

- Cortes e feridas polo manexo de materiais ou ferramentas.
- Caídas a nivel e a distinto nivel.
- Sobreesforzos na manipulación de materiais.
- Atropelos por vehículos ou maquinarias.
- Atrapamentos por caídas de cargas suspendidas ou mal amoreadas.

5.2. Riscos e danos a terceiros.

En relación aos Riscos aos que poden estar expostos os usuarios da rede de camiños, poden relacionarse como:

- Colisións de tráfico
- Atropelos por vehículos ou maquinaria.
- Ruídos
- Po
- Caídas a nivel e a distinto nivel.

5.3. Responsable de seguridade na obra.

Ademais do responsable designado por parte da Administración ou, no seu caso, polo órgano encargado da execución das obras, a empresa contratante deberá nomear un máximo responsable na obra nos aspectos de vixilancia e cumprimento do previsto no Plan que desenvolve o presente Estudo.

5.4. Plan de emerxencia.

Nel especificaranse as actuacións que se realizarán en caso dun accidente ou incendio.

Levará como mínimo os apartados que veñen de seguido, complementando aqueles que xa se prevén neste Estudo e engadindo os que non están.

- Nome e número de teléfono da entidade que cubra as continxencias de accidentes e enfermidades profesionais.
- Nome, teléfono y enderezo onde deben ir normalmente os accidentados.
- Estratexia de evacuación rápida de accidentados (vehículos dispoñibles e demais medios).

Nota: Os medios de transporte dos empregados no traballo e/ou os medios de evacuación incorporarán unha padiola.

– Nome, teléfono e enderezo de centros asistenciais próximos.
  - Centro de Saúde Viaño Pequeño
    Viaño Pequeño, s/n (Trazo – A Coruña)
    Tlfno.: 981 688 716 / 981 689 191
  - Centro de Saúde Agro do Mestre
    Agro do Mestre s/n - Xavestre (Trazo - A Coruña)
    Tlfno.: 981 688 719 / 981 689 191
  - Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS)
    Rúa da Choupana s/n (Santiago de Compostela)
    Tlfno: 981 95 00 00
  - Teléfono do corpo de bombeiros próximos.
    Santiago de Compostela Tlfno.: 981 54 24 44

5.5. Accidentes laborais.

Cando ocorra algún accidente que precise asistencia facultativa, aínda que sexa leve, e a asistencia médica se reduza a una primeira cura, o Xefe de obra da contrata principal realizará unha investigación do mesmo e ademais os trámites oficialmente establecidos, entregando un informe ó coordinador de seguridade e saúde ou, no seu defecto, á Dirección Facultativa da obra, no que se especificará:

- Nome do accidentado.
- Data, día e lugar do accidente.
- Descrición do mesmo.
- Causas do accidente.
- Medidas preventivas para evitar a súa repetición.
- Datas topes de realización das medidas preventivas.

Este informe pasarase á Dirección Facultativa no prazo de vinte e catro horas dende o momento do accidente. A Dirección Facultativa da obra poderá aprobar o informe ou erixir a adopción de medidas complementarias non indicadas no informe.

6. MEDIDAS PREVENTIVAS E PROTECCIÓNS TÉCNICAS

Seguidamente recóllense, para as actividades de obra máis importantes, as medidas preventivas das que, como mínimo, se deben dispoñer:

6.1. Xerais

Tódalas saídas a vías secundarias dende as distintas frontes de traballo activas estarán sinalizadas. Nos accesos de vehículos a área de traballo colocarase o sinal "Perigo indeterminado" e o rótulo "saída de camións".

As manobras de entrada e saída de maquinaria ás vías secundarias e asfaltadas serán indicadas por un sinalistas que regulará o tráfico durante a manobra.

Nas frontes de obra situadas sobre camiños en servizo, prohibirase o tráfico en todo o camiño durante o tempo que duren as obras de acondicionamento no mesmo.

Os traslados de maquinaria entre as distintas actuacións farase, sempre que sexa posible, polas vías identificadas como secundarias no plano que se achega. Estes traslados serán acompañados por un vehículo piloto que circulará diante da máquina ou, no seu caso, do camión plataforma.

Os camións en circulación cargados terán preferencia sobre os baleiros.En todo momento manteranse as zonas de traballo limpas, ordenadas e suficientemente iluminadas.

En todo momento manteranse as zonas de traballo limpas e ordenadas.

A nivel do chan acoutaranse as áreas de traballo sempre que se prevexa circulación de persoas ou vehículos nas inmediacións.

Regaranse coa frecuencia precisa as áreas nas que os traballos poidan producir poeiras.

Sempre que un vehículo parado inicia un movemento anunciarao cunha sinal acústica.

Para traballos nocturnos disporase dunha iluminación con focos fixos ou móbiles que en todo momento proporcione visibilidade suficiente na totalidade de zonas de traballo e circulación.

6.2. Movemento de terras.

A nivel do chan acoutaranse as áreas de traballo sempre que se prevexa circulación de persoas ou vehículos e colocaranse os sinais: Risco de caídas a distinto nivel, e maquinaria pesada en movemento.

Sinalizaranse oportunamente os accesos e recorridos de vehículos.

Cando sexa obrigado o tráfico rodado por zonas de traballo, estas delimitaranse convenientemente indicándose os distintos perigos coas correspondentes sinais de limitación de velocidade e os sinais: SNS-302: Perigo explosivos; SNS-309: Risco de desprendemento; SNS-310: Perigo maquinaria pesada en movemento; SNS-311: Risco de caídas a distinto nivel.

Previamente á iniciación dos traballos, estudaranse as repercusións do baleirado nas áreas lindeiras e resolveranse as posibles interferencias con canalizacións de servizos existentes.

Disporase das ferramentas e material necesario para a reparación de eventuais roturas de condución soterradas particulares.

Os produtos da escavación que non se leven ao vertedoiro colocaranse a unha distancia da marxe da escavación igual ou superior á metade da profundidade de esta, salvo no caso de escavación en terreo areoso en que esa distancia será, polo menos, igual á profundidade da escavación.

Os movementos de vehículos e máquinas serán regulados se fose preciso por persoal auxiliar que axudará aos condutores e maquinistas na correcta execución de manobras e impedirá a proximidade de persoas alleas a estes traballos.

Periodicamente pasarase revisión á maquinaria de escavación, compactación e transporte con especial atención ao estado dos mecanismos de freado, dirección, elevadores hidráulicos, sinais acústicos e iluminación.

6.3. En transportes, vertido, estendido e compactación.

A provisión de materiais e terras extraídas en cortes de profundidade maior de 1,50m., disporanse a unha distancia non menor de 1,5 m. do bordo.

Ao finalizar a xornada de traballo ou en interrupcións longas, cubriranse os desniveis existentes mediante palastros metálicos.

Previamente á iniciación dos traballos, estudarase a posible alteración na estabilidade de áreas próximas como consecuencia dos mesmos co fin de adoptar as medidas oportunas. Igualmente resolveranse as posibles interferencias con condución aéreas ou soterradas de servizos.

Extremaranse estas prevencións logo de interrupcións de traballo de máis dun día, ou despois de alteracións atmosféricas como choivas ou xeadas.

A nivel do chan acoutaranse as áreas de traballo sempre que se prevexa circulación de persoas ou vehículo e colocarase o sinal "Risco de caídas a distinto nivel".

As manobras de aproximación de vehículos pesados ao bordo das escavacións serán dirixidas por un auxiliar. Sempre que non existan topes fixos colocaranse calzos ás rodas traseiras antes de iniciar a operación de descarga.

Os materiais retirados de apoios, reforzos ou encofrados amontoaranse fora das zonas de circulación e traballo. As puntas saíntes sobre a madeira sacaranse ou dobrarán.

Evitarase a permanencia ou paso de persoas ó redor dos camións nas descargas, acoutando as áreas de traballo.

6.4. Firmes:

Indicaranse mediante sinais os percorridos que deban seguir os camións encargados do transporte de zahorra, dentro do perímetro de actuación, ata a zona de descarga. Igualmente indicaranse o percorrido de retorno en baleiro tendo en conta a anchura dispoñible en caso de cruce de camións.

Durante a compactación controlarase o tempo de permanencia do operario manexando o compactador realizando rotacións que eviten distraccións pola monotonía do traballo.

6.5. Colocación de sinais

Para o manexo de sinais, postes e outros materiais, deberanse usar os medios de protección individual, guantes, cinto para esforzos para evitar lumbalxias.

No manexo de formigóns, deberanse tomar as medidas oportunas para que a súa manipulación non ocasione danos ou riscos hixiénicos, será obrigatorio o uso de guantes e outros elementos de protección individual

6.6. Tubos de formigón

A nivel do chan acoutaranse as áreas de traballo sempre que se prevexa circulación de persoas ou vehículo e colocarase o sinal "Risco de caídas a distinto nivel".

Antes de iniciar os traballos tomaranse as medidas necesarias para resolver as posibles interferencias en conducións de servizos, aéreas ou soterradas.

Os materiais precisos para reforzos e apoios das zonas escavadas amorearanse en obra coa antelación suficiente para que o avance da apertura de gabias e pozos poida ser seguido inmediatamente pola súa colocación.

Os laterais da escavación sanearanse antes do descenso do persoal aos mesmos, de pedras ou calquera outro material solto ou inestable, empregando esta medida nas inmediacións da escavación, sempre que se advirtan elementos soltos que puidesen ser proxectados ou rodar ao fondo da mesma.

Sempre que o movemento de vehículos poida supor perigo de proxeccións ou caída de pedras ou outros materiais sobre o persoal que traballa nas cimentacións, disporase a 0,60 m. do bordo destas, un rodapé de 0,20 m. de altura.

As manobras de aproximación de vehículos pesados ao bordo das escavacións serán dirixidas por un auxiliar. Sempre que non existan topes fixos se colocaranse calzos ás rodas traseiras antes de iniciar a operación de descarga.

Os materiais retirados de apoios, reforzos ou encofrados amontoaranse fora das zonas de circulación e traballo. As puntas saíntes sobre a madeira sacaranse ou dobrarán.

Evitarase a permanencia ou paso de persoas baixo cargas suspendidas, acoutando as áreas de traballo.

Os operarios encargados da montaxe ou manexo de armaduras irán provistos de guantes e calzado de seguridade, bandiles, cinto e portaferramentas.

Os vibradores de formigón accionados por electricidade estarán dotados de posta a terra.

6.7. Protección de incendios.

O risco de incendios por existencia de fontes de ignición (traballos de soldadura, instalación eléctrica, lumes en períodos fríos, cigarros, etc.) e de sustancias combustibles (madeira, carburantes, disolventes, pinturas, residuos, etc.) estará presente na obra requirindo atención á prevención destes riscos.

Realizaranse revisións periódicas e vixiarase permanentemente a instalación eléctrica provisional da obra, así como a correcta provisión de sustancias combustibles situando estas provisións en lugares adecuados, ventilados e con medios de extinción nos propios recintos.

Disporase de extintores portátiles nos lugares de provisión que o requiran, oficinas, almacéns, etc.

Teranse en conta outros medios de extinción como auga, area, ferramentas de uso común, etc.

Disporase do teléfono dos bombeiros xunto a outros de urxencia, recollidos nunha folla normalizada de cores rechamantes que se colocará en oficinas, vestiarios e outros lugares adecuados.

As vías de evacuación estarán libres de obstáculos como un dos aspectos da orde e limpeza que se manterá en todos os traballos e lugares de circulación e permanencia de traballadores.

Disporase a adecuada sinalización indicando os lugares con risco elevado de incendio, prohibición de fumar e situación de extintores.

Estas medidas oriéntanse á prevención de incendios e ás actividades iniciais de extinción ata a chegada dos bombeiros, caso que fose preciso a súa intervención.

6.8. Control de calidade

A empresa adxudicataria do control de calidade deberá presentar o seu propio plan de seguridade e saúde ou adherirse ó do contratista principal.

Comunicarán a súa chegada a obra, o percorrido e os horarios previstos, ó encargado do contratista.

Os desprazamentos dentro do perímetro de concentración realizaranse extremando as precaucións e a unha velocidade axeitada ó tipo de vía.

Deberán levar prendas reflectantes, guantes e calzado de seguridade

7. PROTECCIÓNS TÉCNICAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS.

7.1. Protección individuais

- Cascos: para tódalas persoas implicadas na obra, incluídos visitantes
- Lentes de protección ocular
- Protectores autiditivos
- Máscaras de protección respiratoria
- Cinto antivibratorio
- Cinto de seguridade de suxeición
- Guantes en coiro flor ou serraxe
- Guante de PVC para manipulación de formigóns
- Botas en PVC para traballos en zonas húmidas
- Botas antideslizantes en terreos secos
- Botas de Seguridade con punteira reforzada
- Mono ou mergullador de traballo
- Traxe impermeable
- Chaleco reflíctante

7.2. Protección colectivas

- Valos de delimitación.
- Topes fin de percorrido para vehículos e maquinarias
- Guías seguras de cargas en suspensión.
- Pórticos de liñas eléctricas aéreas
- Apoio se fose necesario
- Palastros de aceiro para cubrir gabias e ocos horizontais
- Chalecos reflectintes
- Diferenciais magnetotérmicos e toma a terra
- Aviso acústico nas máquinas
- Cinta de balizamento reflectinte e sinais indicativas de risco de caída a distinto nivel

7.3. Sinalización

- Cintas de balizamento
- Sinalización viaria provisional
- Sinalización de Riscos no traballo
- Sinalización de Uso Obrigatorio de EPI's
- Conos de balizamento
- Balizas Luminosas

7.4. Formación

Todo o persoal, ao ingresar na obra, debe recibir unha exposición dos métodos de traballo e os riscos que estes puideran entrañar, así como das medidas de seguridade que deben empregar.

A Coruña, maio de 2016

O director do proxecto

José Antonio Portos Mouriño
Enxeñeiro Agrónomo

O redactor do Estudo de Seguridade e Saúde

Víctor M. de la Cruz Vigo
Enxeñeiro Agrónomo

PLANOS

PROTECCIÓNS INDIVIDUAIS

PROTECCION CRANEAL
ARTICULO 143(Plan nacional de O.G. de S.H.)



CASCO DE SEGURIDAD
con pantalla antiproyecciones

Visor abatible

GAFAS CONTRA LOS IMPACTOS



PRENDAS PARA LA LLUVIA

PANTALLAS DE SEGURIDAD
ARTICULO 144(Plan nacional de O.G. de S.H.)



Pantalla de acetato transparente,
con adaptados a casco

Visor abatible



BOTAS IMPERMEABLES DE MEDIA CAÑA



BOTA PARA ELECTRICISTA




PUNTERA DE PLASTICO.

Trabajos para B.T. y
maniobras en B.T.

CASCOS PROTECTORES DEL RUIDO







TRAJE IMPERMEABLE, compuesto por
chaqueta con capucha, bolsillos
de seguridad y pantalon

CLASE "A" arnes en la cabeza


CLASE "B" arnes en la nuca






1. MATERIAL INCOMBUSTIBLE, RESISTENTE A GRASAS, SALES Y AGUA
2. CLASE N AISLANTE A 1000 V CLASE E-AT AISLANTE A 25000 V
3. MATERIAL NO RIGÍDO HIDRÓFUGO, FÁCIL LIMPIEZA Y DESINFECCIÓN


CASCO DE SEGURIDAD NO METALÍCO



GAFAS DE MONTURA TIPO UNIVERSAL CONTRA IMPACTOS


MASCARILLA ANTIPOLVO






SECCIÓN A–A


GUANTES DE CUERO FLOR Y LONETA





BOTA IMPERMEABLE AL AGUA Y A LA HUMEDAD



BOTA DE SEGURIDAD DE CLASE III





Carcasa protectora
Cuchillo divisor
Guía horizontal
Resguardo interior
Interruptor
SIERRA CIRCULAR


11.00
0.10
2.90
0.10
HASTA 10 TRABAJADORES


Esquema de una instalación conectada a un grupo electrógeno

A) CON EL CENTRO A TIERRA




- Los grupos electrógenos tendrán el neutro accesible y con posibilidad de ser distribuido,
- El neutro estará conexionado a tierra, antes del diferencial.
- La carcasa del grupo llevará una toma de tierra independiente del neutro.

B) CON EL HILO DE TIERRA DEL CUADRO DISTRIBUIDOR




Hilo de puesta a tierra, no se pasa por el interruptor.

- El cuadro de distribución tendrá toma de tierra independiente o conectada a la carcasa del grupo.



Balancín especial para
maniobras de ovoides
0,50 m
0,85 m
0,25 m

ESLINDAS DE SEGURIDADE

Manera de colocar las grapas en cables de carga



A= de 6 a 8 veces
el diámetro del cable B



SI NO

Número de grapas necesárias


ø del cable	Cables ordinarios de alma textil	Cables con alma metálica y cable antigiratorio
5 a 12	3	4
12 a 20	4	5
20 a 25	5	6
25 a 35	6	7
35 a 50	7	8

Cargas para cables de dos ramales


Cable 6x37+1 = Carga de rotura : 140 Kg/mm - Coef de seguridad = 6


Ø				2 eslingas de 2 ramales a 90º
10	750	1.500	1.000	2.000
12	1.250	2.500	1.750	3.500
14	1.500	3.000	2.000	4.000
16	2.000	4.000	2.500	5.000
18	2.500	5.000	3.500	7.000
20	3.250	6.500	4.500	9.000
22	4.000	8.000	5.500	11.000
24	4.500	9.000	6.500	13.000
26	5.500	11.000	7.500	15.000
28	6.500	13.000	9.000	18.000
30	7.500	15.000	10.000	20.000

MANIPULACIÓN DE CARGAS




CARGA CON DOS ESLINGAS SIN FIN






CARGA LARGA (DOS ESLINGAS)



PLANCHA LARGA

BALIZAMENTO DE LIÑAS ELÉCTRICAS AÉREAS




SINALIZACIÓN PROVISIONAL








BARRERA METÁLICA DE DESVIACIÓN DEL TRÀFICO



VALLA METÁLICA PARA CONTENCIÓN DE PEATONES



CORDÓN REFLECTANTE DE BALIZAMIENTO



CINTA DE BALIZAMIENTO




BALIZA LUMINOSA PERMANENTE DE COLOR ROJO



BALIZA LUMINOSA INTERMITENTE DE COLOR AMBAR




CONO DE SEÑALIZACIÓN



PANELES DEL SEÑALISTA



JALÓN DE SEÑALIZACIÓN




BARRERA DE SEGURIDAD - TIPO BIONDA



SEÑAL NORMALIZADA DE TRÁFICO-TRÍPODE




SEÑAL NORMALIZADA DE TRÁFICO CON PIE DE CRUCETA




SEMÁFORO PORTÁTIL


SINALIZACIÓN EN ZONAS DE OBRAS E DESVÍOS PROVISIONAIS




SINALIZACIÓN DE DESVÍOS PROVISIONAIS



MECANISMOS ANTIDESLIZANTES



ELECTRODOS EN PARALELO




Cuando el subsuelo no puede ser penetrado o presenta una resistividad superior a la superficial, se puede disminuir la resistencia clavando dos o más picas en paralelo.


- 2 picas de tierra reducen la resistencia al 60 % de la obtenida con una sola.
- 3 picas de tierra reducen la resistencia al 45 % de la obtenida con una sola.
- 4 picas de tierra reducen la resistencia al 30 % de la obtenida con una sola.

TABLA II


NATURALEZA DEL TERRENO	RESISTIVIDAD EN Ohm·m
TERRENOS PANTANOSOS	de algunas unidades a 30
LIMO	20 a 100
HUMUS	10 a 150
TURBA HÚMEDA	5 a 100
ARCILLA PLÁSTICA	50
MARGAS Y ARCILLAS COMPACTAS	100 a 200
MARGAS DEL JURÁSICO	30 a 40
ARENA ARCILLOSA	50 a 500
ARENA SILÍCEA	200 a 3.000
SUELO PEDREGOSO CUBIERTO DE CÉSPED	300 a 500
SUELO PEDREGOSO DESNUDO	1.500 a 3.000
CALIZAS BLANDAS	100 a 300
CALIZAS COMPACTAS	1.000 a 5.000
CALIZAS AGRIETADAS	500 a 1.000
PIZARRAS	50 a 300
ROCAS DE MICA Y CUARZO	800
GRANITOS Y GRES PROCEDENTES DE ALTERACIÓN	1.500 a 10.000
GRANITOS Y GRES MUY ALTERADOS	100 a 500

GRUPO ELECTRÓGENO





H
H
D= Altura mínima de la linea al suelo
H= Altura libre
a= Distancia mínima de seguridad
H= D-a
ALTA TENSIÓN a ≥ 1 m.
ALTA TENSIÓN a ≥ 3 m para hasta 57.000 V.
≥ 5 m para mas de 57.000 V.


OPERACIÓNS BASCULANTES



EN NINGUN CASO descienda lentamente




Si contacta, NO ABANDONE LA CABINA, intente en primer lugar bajarlo y alejarse




③ Si no consigue que baje, SALTE del camión lo más lejos posible


DISTANCIAS MÍNIMAS DE SEGURIDADE CON LIÑAS DE ALTA TENSIÓN

NUNCA: Se elevará a caixa dos camións ou a pá da máquina retroexcavadora baixo a traza da L.A.T.




SEMPRE TER EN CONSIDERACIÓN A SITUACIÓN MÁIS DESFAVORABLE




Protecciones en
zanjas huecos y aberturas
D=H
Talud
natural
Talud
natural
Zona sin
cargas
H
Talud de excavación para
terreno arenosa
Pasarela peatones
D= H/2
Luces rojas C/
5 metros
0,30 m.
0,90 m
H

MANIPULACIÓN DE CARGAS. Prevención de lesiones



Uso obligatorio de guantes y calzado de seguridad











PREGO DE CONDICIÓNS PARTICULARES

ÍNDICE

1. DEFINICIÓN E ALCANCE DO PREGO DE CONDICIÓNS....2
1.1. Identificación da obra....2
1.2. Documentos que definen o plan de seguridade e saúde....2
1.3. Compatibilidade e relación entre devanditos documentos....2
2. SINALIZACIÓN DA OBRA....2
2.1. Sinalización de riscos no traballo....2
2.2. Descrición técnica....3
2.3. Normas para a montaxe dos sinais....3
2.4. Normas de seguridade de obrigado cumprimento polos montadores da sinalización viaria. 3
3. SEGURIDADE DOS RISCOS HIXIÉNICOS....4
4. SISTEMAS APLICADOS PARA A AVALIACIÓN E DECISIÓN SOBRE AS ALTERNATIVAS PROPOSTAS NO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE....5
5. LEXISLACIÓN APLICABLE Á OBRA....6
6. CONDICIÓNS DOS MEDIOS DE PROTECCIÓN....7
6.1. Protección persoais....8
6.1.1. Prescricións das protección persoais....10
6.2. Protección Colectivas....14
6.2.1. Prescricións das protección colectivas....16
7. SERVIZOS DE PREVENCIÓN....17
7.1. Información, consulta e participación dos traballadores....17
7.2. Obrigas dos traballadores en materia de prevención de riscos....17
7.3. Protección e prevención de riscos profesionais....18
8. SERVIZOS MÉDICOS: RECOÑECEMENTOS, BOTIQUÍN E ASISTENCIA....19
9. DELEGADOS DE PREVENCIÓN E COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE....19
9.1. Delegados de Prevención....19
9.1.1. Competencias e facultades dos Delegados de Prevención....20
9.2. Comité de Seguridade e Saúde....21
9.2.1. Competencias e facultades do Comité de Seguridade e Saúde....21
10. INSTALACIÓNS DE HIXIENE E BENESTAR....21
10.1. Comedores....22
10.2. Vestiarios....22
10.3. Servizos....22
11. PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE....22

PREGO DE CONDICIÓNS.

1. DEFINICIÓN E ALCANCE DO PREGO DE CONDICIÓNS.

1.1. Identificación da obra

O presente prego de condicións de seguridade e saúde elabórase para a obra denominada: "`PROXECTO DE CAMIÑOS PRINCIPAIS DA Z.R.P. DE TRAZO (TRAZO –A CORUÑA)

1.2. Documentos que definen o plan de seguridade e saúde

Os documentos que integran o Plan de seguridade e saúde aos que lles son aplicables este prego de condicións son: Memoria, Prego de condicións particulares, Cadro de prezos descompostos, Planos. Todos eles enténdense documentos contractuais para a execución da obra "`PROXECTO DE CAMIÑOS PRINCIPAIS DA Z.R.P. DE TRAZO (TRAZO –A CORUÑA)

1.3. Compatibilidade e relación entre devanditos documentos

Todos os documentos que integran este Plan de seguridade e saúde son compatibles entre si; compleméntanse uns a outros formando un corpo inseparable, forma parte do proxecto de execución da obra e que debe levar á práctica mediante o plan de seguridade e saúde no traballo que elaborará cada contratista, e no que deben analizarse, desenvolverse e complementarse as previsións contidas neste Plan de seguridade e saúde.

2. SINALIZACIÓN DA OBRA.

2.1. Sinalización de riscos no traballo

Esta sinalización cumprirá co contido do Real Decreto 485 de 14 de abril de 1.997, que non se reproduce por economía documental. Desenvolve os preceptos específicos sobre sinalización de riscos no traballo segundo a Lei 31 de 8 de novembro de 1.995 de Prevención de Riscos Laborais.

Nas "literaturas" das medicións e orzamento, especifícanse: o tipo, modelo, tamaño e material de cada unha dos sinais previstos para ser utilizadas na obra. Estes textos deben terse por transcritos a este prego de condicións técnicas e particulares, como normas de obrigado cumprimento.

2.2. Descrición técnica

CALIDADE: Serán novas, a estrear. Co fin de economizar custos elíxense e valóranse os modelos adhesivos en tres tamaños comercializados: pequeno, mediano e grande.

Sinal de riscos no traballo normalizado segundo o Real Decreto 485 de 1.997 de 14 de abril.

Co fin de non aumentar innecesariamente o texto deste prego de condicións de seguridade e Saúde, deben terse por transcritas nel, as literaturas das medicións referentes á sinalización de riscos no traballo. A súa reiteración é innecesaria.

2.3. Normas para a montaxe dos sinais

Os sinais situaranse nos lugares en que exista algún tipo de risco.

Está previsto o cambio de localización de cada sinal mensualmente como mínimo para garantir a súa máxima eficacia. Preténdese que por integración na "paisaxe habitual da obra" non sexa ignorada polos traballadores.

Os sinais permanecerán cubertos por elementos opacos cando o risco, recomendación ou información que anuncian sexa innecesario e non conveña por calquera causa a súa retirada.

Instalaranse nos lugares e ás distancias que se indican nos planos específicos de sinalización.

Manterase permanentemente un traballo de limpeza e mantemento de sinais, que garanta a súa eficacia.

2.4. Normas de seguridade de obrigado cumprimento polos montadores da sinalización viaria.

Farase entrega aos montadores dos sinais do seguinte texto e asinarán un recibo de recepción, que estará arquivado a disposición do Coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra e no seu caso, da Autoridade Laboral.

A tarefa que vai realizar é moi importante; do seu bo facer depende que non existan accidentes na obra. Considere que un sinal é necesario para avisar aos seus compañeiros da existencia dalgún risco, perigo ou aviso necesario para a súa integridade física.

A sinalización de riscos no traballo, non se monta dunha forma caprichosa. Debe seguir o máis exactamente posible, os planos que para iso lle forneza o Encargado de Seguridade ou o Coordinador de Seguridade e Saúde, que foron elaborados por

técnicos e que compren coas especificacións necesarias para garantir a súa eficacia.

Non improvise a montaxe. Estude e replantee o lugar de sinalización, segundo os planos e normas de montaxe correcta que se lle fornecen. Se por calquera causa, observa que un ou varios sinais non quedan o suficientemente visibles, non improvise, consulte co Encargado de Seguridade ou co Coordinador de Seguridade e Saúde, para que lle dean unha solución eficaz, logo, póñaa en práctica.

Avise ao Coordinador de Seguridade e Saúde ou ao Encargado de Seguridade para que se cambie de inmediato o material usado ou seriamente deteriorado. Neste proxecto o material de seguridade abónase; esíxese, polo tanto, novo, a estrear.

Considere que é vostede quen corre os riscos que anuncia o sinal mentres a instala. Esta montaxe non pode realizarse arreo.

Teña sempre presente, que a sinalización de riscos no traballo móntase, mantense e desmontase polo xeral, coa obra en funcionamento. Que o resto dos traballadores non saben que se van a atopar con vostede e por conseguinte, que traballan confiadamente.Son accións de alto risco. Extreme as súas precaucións.

Para este traballo e pola súa Seguridade, é obrigatorio que use a seguinte listaxe de equipos de protección individual:

- Casco de seguridade, para evitar os golpes na cabeza.
- Roupa de traballo, preferiblemente un "mono" con petos pechados por cremalleira, fabricado en algodón 100x100.
- Luvas de loneta e coiro, para protección contra os obxectos abrasivos e beliscos nas mans.
- Botas de seguridade, para que lle suxeite os nocellos nos diversos movementos que debe realizar e evitar os esvaróns.

Debe saber que todos os equipos de protección individual que se lle fornezan, deben ter a certificación impresa de marca "CE", que garante o cumprimento da Norma Europea para esa protección individual.

Para rematar, desexarlle éxito sen accidentes na súa tarefa, convencidos do seu apoio á seguridade e saúde desta obra.

3. SEGURIDADE DOS RISCOS HIXIÉNICOS.

O contratista, está obrigado a recoller no seu plan de seguridade e saúde no traballo e realizar a continuación, as medicións técnicas dos riscos hixiénicos, ben directamente cun Servizo de Prevención acreditado propio ou externo, ou mediante a colaboración ou contratación cuns laboratorios, mutuas patronais ou empresas

especializadas, co fin de detectar e avaliar os riscos hixiénicos previstos ou que puidesen detectarse, ao longo da realización dos traballos; defínense como tales os seguintes:

- Presenza de gases tóxicos ou explosivos, na aplicación de produtos bituminosos.
- Nivel acústico dos traballos e da súa contorna.
- Identificación e avaliación da presenza de disolventes orgánicos (pinturas).

Estas medicións e avaliacións necesarias para definir as condicións de hixiene da obra, realizaranse mediante o uso dos necesarios aparellos técnicos especializado, manexado por persoal cualificado.

Os informes de estado e avaliación, serán entregados ao Coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra, para o seu estudo e proposta de decisións.

4. SISTEMAS APLICADOS PARA A AVALIACIÓN E DECISIÓN SOBRE AS ALTERNATIVAS PROPOSTAS NO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE.

O Coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución de obra, para avaliar as alternativas propostas polo Contratista no seu plan de seguridade e saúde, utilizará os seguintes criterios técnicos:

1º Respecto da protección colectiva:

a) A montaxe, mantemento, cambios de posición e retirada dunha proposta alternativa, non terán máis riscos ou de maior entidade, que os que ten a solución dun risco decidida neste traballo.

b) A proposta alternativa, non esixirá facer un maior número de manobras que as esixidas pola que pretende substituír; considérase que: a maior número de manobras, maior cantidade de riscos.

c) Non pode ser substituída por equipos de protección individual.

d) Non aumentará os custos económicos previstos.

e) Non implicará un aumento do prazo de execución de obra.

f) Non será de calidade inferior á prevista neste Estudo de seguridade e saúde.

